

# A CANDEA

Edita: ASOCIACIÓN "FONTE DO MILAGRO" EXEMPLAR GRATUITO ABRIL 2004 Depósito Legal: LU 454 - 00 Nº 12



## REVISTA DO CAUREL

Esta revista está impresa en papel Ecológico

## SUMARIO

|              |                                                                       |
|--------------|-----------------------------------------------------------------------|
| Páx 1 .....  | Portada                                                               |
| Páx 2 .....  | Editorial - (Guía de teléfonos)                                       |
| Páx 3 .....  | Puntos negros do Caurel                                               |
| Páx 5 .....  | Pregón da XVI festa da castaña do Caurel                              |
| Páx 7 .....  | Os rapaces do C.P.I. do Caurel                                        |
| Páx 8 .....  | ¿As follas secas teñen vida?                                          |
| Páx 9 .....  | Presentación da Guía do Caurel                                        |
| Páx 10 ..... | Ruta: Castro de Portela - Regueirapena - Castro de Portela            |
| Páx 12 ..... | Unha escapadiña ó Caurel                                              |
| Páx 14 ..... | V festa da pisa                                                       |
| Páx 16 ..... | Uxío Novoneyra (7º Parte)                                             |
| Páx 18 ..... | A Mañiza                                                              |
| Páx 21 ..... | Fiesta Musical do Caurel                                              |
| Páx 22 ...   | (Xa cho dixen naranxeira - Jota de bustofrio)                         |
| Páx 23 ..... | O oso "Figura emblemática do entroido de SALCEDO"                     |
| Páx 25 ..... | Cousas que aconteceron                                                |
| Páx 26 ...   | Actividades da asociación -Votanos unha man - Faite socio colaborador |
| Páx 27 ..... | Ildara de Courel (de Manuel Murguía)                                  |

## TELÉFONOS DE INTERÉS

|                                  |              |
|----------------------------------|--------------|
| CENTRO MÉDICO (FOLGOSO)          | 982 43 30 33 |
| CENTRO MÉDICO (SEOANE)           | 982 43 30 68 |
| HOSPITAL COMARCAL DE MONFORTE    | 982 41 79 00 |
| EMERXENCIAS MÉDICAS              | 061          |
| SOS GALICIA                      | 112          |
| CRUZ VERMELLA (PEDRAFITA)        | 982 36 70 06 |
| CRUZ VERMELLA (QUIROGA)          | 982 42 83 55 |
| FARMACIA (FOLGOSO)               | 982 43 30 54 |
| CASA DO CONCELLO                 | 982 43 30 01 |
| CUARTEL GARDIA CIVIL (SEOANE)    | 982 43 30 83 |
| AUTOBUSES "EMPRESA CAUREL"       | 982 42 82 11 |
| ESTACIÓN DE AUTOBUSES (MONFORTE) | 982 40 49 50 |
| ESTACIÓN RENFE (MONFORTE)        | 982 40 20 96 |
| INCENDIOS FORESTAIS              | 085          |

## EDITORIAL

Gustárame falar doutra cousa pero penso que é tema obrigado. Máis de medio mundo nestes intreos, a bo seguro, estará buscando unha explicación a barbarie que cubriu de sangue a vida cotiá de Madrid. ¿Que lle está a pasar ó ser humano?. ¿Onde vai a súa condición de ser racional?. ¿Que outro animal da creación pode cometer semellante atrocidade?. ¿Hasta que punto nos pode levar a tanto odio?. ¿É posible atopar lóxica a tanto horror?. A quen diriximos as preguntas?.

Tardarei en esquecer, coma tantos e tantos millóns, o día que Madrid, España e o mundo enteiro sufriron o ataque da sen razón, un 11-M maldito. O que ía ser unha xornada máis no que facer diario de miles e miles de traballadores, estudantes, etc., a rutina diaria, a madrugada, as presas, convertéronse nun inferno, nunha chea de dor que levaremos connosco moito tempo; quizás non sexamos capaces de arredar ese sufrimento o que comparto con todas esas persoas feridas, cos familiares dos falecidos.

De nada serve que as bandeiras do país ondeen a media asta, de pouco serven as xornadas de loito, as manifestacións, o sentimento momentáneo, as acusacións duns a outros, si pasadas unhas xornadas esquecemos todo. Os millóns e millóns que saímos a rúa pedindo xustiza, pedindo polos falecidos e feridos, polas súas familias temos que seguir ahí e cada día ser máis, facer que as nosas voces se escoiten e se teñan en conta, que non se xogue cos nosos sentimentos, que non se nos minta; debemos reflexionar e facer reflexionar os que toman a palabra por nós, os que nos gobernan. Eles son quen, de algún xeito, nos teñen que explicar que é o que esta a pasar para que día a día a convivencia sexa máis complicada, para que cada día medre máis o rancor e o odio entre os que dicimos ser donos do mundo. ¿Por que?.

Teño fe e esperanza. Tócanos agora, e máis que nunca loitar todos unidos para vencer e convencer que este non é o xeito de facer xustiza e arranxar os problemas, que os mandatarios do mundo enteiro deixen de ignorar o grave problema que estamos a vivir e busquen a razón e solución para unha mellor convivencia, non poden pagar sempre os mesmos. Non é xusto que se nos enfrente ós nosos semellantes, a cultura, as crenzas, a cor da pel, o lugar onde vivimos etc., non poden ser causa de odio. Reflexionemos, o mundo ten cabida para todos. Menos egoísmo e máis igualdade, esa podía ser unha das razóns para a PAZ e unha mellor CONVIVENCIA.

Noutra edición e nesta mesma sección remataba cunha frase que deu a volta ó mundo e que debemos ter presente e que sería bo non ter que repetir: NUNCA MAIS ó terror.

Presidente da A. "FONTE do MILAGRO"

## Asociación Cultural "FONTE do MILAGRO"

E-mail: [froxan.vila@terra.es](mailto:froxan.vila@terra.es) • <http://fontedomilagro.webcindario.com>  
Tfno.: 982 21 01 28 - 619 025 252

A CANDEA Tamén en Internet  
[www.galiciadigital.com](http://www.galiciadigital.com)



**RODRIGO RURAL**

ALUGUER  
DE QUADS



Ó PE DA FERMOZA DEVESA DE PADERNE  
A MELLOR MANEIRADE DISFRUTAR DA NATUREZA

Información e reserva: Tfno e Fax: 982 185 110 Paderne, O CAUREL

## PUNTOS NEGROS DO CAUREL

Na Voz de Galicia, edición de Santiago, do día 31 de outubro de 2003, viña un artigo titulado "O CAURELAZO" asinado por Juan J. Moralejo; un artigo con verdades coma puños, escrito por unha persoa amante da natureza e bo coñecedor do noso concello, do que destaca algúns puntos importantes que nos convidan a reflexionar.

No capítulo de eloxios, como non, destaca a gran beleza da nosa paisaxe, coas súas montañas, ríos, carrozos, regos e regueiros. Unha vez mais quedou encantado, aínda que non era a primeira vez que viña O Caurel, e non escatima a aquilo que nos deu a natureza. Pero no capítulo de críticas non se corta un pelo en deixar ó descuberto as nosas carencias. A extensa gama de puntos negros que tanto afean o regalo que nos fixo esa bendita natureza, que tanto deu a quen tan pouco merece, como son tódolos caureláns responsables do feísmo.

Dóeme moito esa crúa realidade, e é lamentable que teña que vir alguén de fora mostrarnos as nosas vergoñas, e dicirnos que estamos botando a perder todo aquilo que deberíamos coidar con verdadeiro esmero, que son a nosa paisaxe e os nosos pobos. Non nos decatamos que o futuro destes pobos está en xogo.

No tocante á paisaxe tampouco lle pasan desapercibidos os famosos vertedoiros, colocados en puntos estratéxicos perfectamente visibles dende calquera punto que se mire; marca da casa, por se alguén non soubera que somos uns deixados, insensibles e incapaces de ver aquilo que está rematadamente mal e noxento.

Sabemos que o lixo hai que deixalo nalgunha parte pero poderíanse buscar

lugares non tan visibles, mais que nada por non causar un dano tan grande nas retinas dos nosos visitantes e dos que estamos en contra de ese sistema tan rudimentario, cutre e terceiromundista. É un impacto ambiental que deberíamos tratar de evitar.

Tamén nos fala das excelencias dos novos materiais de construción: ladrillos, bloques e uralitas, materiais que proliferan sobre todo en Folgoso e Seoane. Respecto os dous primeiros hoxe é case imprescindible o seu emprego pero deberíamos ter precaución en tapalos canto antes con materiais mais acordes co noso entorno, xa co o efecto visual que produce é moi negativo. Polo que respecta o terceiro, debería estar totalmente prohibido no noso concello; temos a oportunidade de empregar laxe, que en moitos casos sae gratis o case gratis, e non sei porque somos mestres na proliferación das chapuzas, expertos chapuceiros diría eu. E no noso mal gusto temos



Foto: E.M.Vila

 **MORENO** 

No antigo obradoiro do pintor Avari. MORENO convida a viño doce a tódolos amantes do CAUREL, non fai falla máis que acreditarlo

ARMANI-MOSCHINO-CALVIN KLEIN-DKNY-CUSTO, TOMMY, e moitas marcas máis.

Moreno. • C/Marqués de Ugena, 40 Sarria (Lugo) • Tfno.: 982 530 791

que engadir a cegueira do concello que parece non interesarlle este tema.

Pero aínda lle faltaron outras cousas outras cousas por ver, non sei si porque non se internou nos cascos urbanos ou porque non se atreveu a mentalo para non avergoñarnos mais, que son as inefables pilas de leña, lousas e outras herbas que os veciños acostuman a deixar nas vías públicas, ben a vista sobre todo en Folgoso, supoño que para decorar as rúas ó estilo de hai 10 séculos. Pode que naqueles tempos quedaren ben, pero nestes non.

Tampouco mencionou o chabolismo tipo favela brasileira, que tamén temos desgraciadamente, ante as que o concello tamén pecha os ollos ou mira para outro lado. Non mais cego que o que non quere ver. Cando un pasa polo concellos limítrofes decátase de que son moito mais pulcros que o noso, non sei si é porque a xente é mais limpa e cívica, ou o concello esixe mais limpeza. Tamén poden ser ámbalas cousas.


Entre outras lindezas que nos dedica, con unha gran carga

de razón, e aí unha que non ten desperdicio." En O Caurel no falta la metralla de feísmos cutres y otras mierdas endémicas en la depredación y desordenación del territorio gallego". Duro pero rigurosamente certo.

As veces anque nos doa, debemos aceptar este tipo de críticas, crítica constructiva onde as haxa, que o único que pretende, a parte do desagradable que resulta ver estes desastres ecolóxicos, e facemos ver os nosos erros, a ver se desbotamos eses malos hábitos tan arraigados en nos dende aí moitos anos. Por eso temos agradecer que un profesional da información nos dedique un pouco do seu valioso tempo que, o fin e o cabo, se facemos unha boa lectura resultanos moi positiva.

Son consciente de que faría falta unha milagre para que abríramos os ollos, pero a falta dese milagre bo será agradecer profundamente o interese que algunhas persoas toman por nos de maneira xenerosa. Que Deus llo pague Sr Moralejo.

ARTURO A.  
RODRÍGUEZ



## N O T A

A Asociación "FONTE do MILAGRO" non se fai responsable do contido dos traballos que se publican na Revista; esa responsabilidade pasa ó autor ou autores. Por eso é necesario que tódolos traballos que cheguen á redacción para a súa publicación veñan debidamente identificados.

Estas follas pretendemos sexan un entretenemento para o lector e sirvan para dar a coñecer mellor, a paisaxe, xente, cultura, o entorno en xeral O Caurel e o seu medio.

Agradecemos as cartas e traballos que estamos a recibir e que son o alento para seguir adiante, se vostede desexa formar parte do equipo de traballo desta publicación, enviar traballos, dar a súa opinión, aportar ideas, ou sinte inquedanza polo Caurel, pónase en contacto connosco. Si desexa que o seu traballo se publique no próximo número da Candeia este debe chegar á redacción non máis tarde do día 31 de Maio de 2004.

A publicación faise en galego, pero pode que en moitos traballos este galego sexa no que se expresan, falan, pensan e escriben as xentes da Serra.



**Turismo rural Casa de Hospedería**

**Casa CALELLON**

3 HABITACIONES CON BAÑO

COMIDA CASERA-CORDERO POR ENCARGO

PASEOS A CABALLO

**Seceda do Caurel (Lugo) Tfno. 982 185 409**

## PREGÓN DA XVI FESTA DA CASTAÑA DO CAUREL

Coincidindo co peche da anterior edición de A CANDEA celebrábase a XVI Festa da Castaña do Caurel xa en dita edición se fixo una pequena mención, pero ó oír o Pregón que nesta ocasión correu a cargo do Vicerrector de Investigación da Universidade de Santiago de Compostela Eduardo García-Rodeja Gayoso, pareceunos de interese polo seu contido polo que recurrimos ó pregoeiro por si podíamos publicalo na Revista do Caurel e que desinteresadamente nos fixo chegar e de seguido reproducimos pero sen antes agradecer a súa colaboración e pronta resposta.

Ilmo. Sr alcalde, veciños, amigos...

En primeiro lugar, e como debe ser, bo día a todos.

Cando hai algo máis dun mes recibín a chamada do voso alcalde, para invitarme a pronunciar este pregón, a miña idea foi disculparme; lle dixen que tiña que consultar a axenda e que o chamaría. O certo é que, inmediatamente tomei a decisión de aceptar a invitación.

Comezarei explicando as causas desta reacción.

Non son persoa de discursos, nin me sinto cómodo fronte ao público -mais aló do traballo cotián cos alumnos derivada da miña condición de profesor-, nunca se me pasara pola cabeza que algunha vez tería que actuar de pregoeiro e, ademais, e despois de todo, é posible que algún de vos me teñades visto polo Courel, pero estou seguro de que poucos, si algún sabedes quen son, o meu nome ou a que me dedico.

Por qué aceptei tan facilmente. Tamén e simple. Hai anos, xa máis de 30, que vin O Courel por primeira vez. Dende entón, entrou a formar parte da miña paisaxe persoal, e de vivencias inesquecibles. Dende aquela Semana Santa de 1972 non pasou un ano sen facer, alomenos unha visita a estas terras. Hai outra razón, de menor entidade no persoal, que é o cartel que a saída de Seoane cara o alto do Couto ou Romeor, depende cara onde se tire, indica un compromiso da Universidade de Santiago de Compostela, da que agora son Vicerrector de Investigación e Innovación, co Courel. Un compromiso que, a pesares das demoras por motivos que non son para explicar agora, segue vixente. Superadas algunhas dificultades espero que o voso alcalde poida ver o proxecto definitivo antes de fin de ano, e, na medida en que de min dependa, tratarei de que as obras se inicien no

ano 2004. a súa construción é necesaria pero non é o obxectivo traerá O Caurel a estudantes e investigadores, haberá que encher de contido e de vida ese edificio para que os esforzos de todos para sacalo adiante sirvan para algo.

Tomada a decisión, xurdiu outra dúbida, de que falar, de que se fala no pregón dunha festa. A verdade é que non recordo ter asistido a un pregón pero, en calquera caso hai que gañarse o cocido, no literal sentido.

Estando da Festa da Castaña e no Courel, semella lóxico falar do castaño, dos soutos, e das castañas. Pero ¿que lle vou contar eu dos soutos e das castañas ás xentes do Courel?.

Os soutos son unha parte importante da a paisaxe desta terra, e o son pero o foron máis, da súa economía (a vaca, a madeira, a castaña) durante moitos anos (cando chegou a pataca no século XVII, se lle deu o nome de castaña da terra, un nome que perdurou durante, din que dous séculos). Non vou falar das labores, das variedades (pregaxas) de castaño, para madeira - *presa, caurelá*, ou *bravo*- ou para froito, castañas grandes (*caurelá, lugesas*), máis doces (*negriña*), as mellores (*branca, revolta*), e perdoade si erro. O que me importa salienta é a estreita vinculación entre as xentes do Courel e os seus soutos, a existencia dunha "cultura do castaño" que se vai perdendo ao non pasar de pais a fillos.

Quero insistir na necesidade de conservación desta cultura e para iso e imprescindible que as administracións axuden tanto á comercialización da madeira e da castaña, como á conservación e renovación dos soutos, sen protección, e polo tanto sen axudas -¿por que subvencionar unicamente piñeiros e eucaliptos'- O Courel corre o risco de perder a súa identidade.

Unha anécdota que amosa onde pode chegar o descoñecemento do Courel, e das castañas: un alumno dun instituto da costa, que veu en outono cos seus profesores, traía unha bolsa de castañas que lle deu seu avó. A ninguén se nos ocorrería ir á costa con ameixas ou xurelos na maleta....

A outra opción era falar do COUREL, das miñas impresións, das miñas experiencias.

Primeira vez, 1972, Semana Santa en Moreda, acampamos onde agora está a Aula da Natureza - daquela



CUBIERTAS DE PIZARRA  
Y CANALONES

Tfnos. 982 25 16 55 / 982 22 96 56  
Móvil: 607 58 94 65 • LUGO

había oficios relixiosos na capela de Moreda, e tamén cantina-, o rapaz de Moreda que nos mostrou os "camíns" e nos axudou a recoller exemplares de animais, a casa do Panadeiro de Campelo e aquel caldo, que non nos querían dar por que non lles parecía para señoritos de cidade, os veciños abrindo o camiño por debaixo do Castelo de Carbedo; coñecer a Novoneira e a súa poesía na casa de Parada, unha tarde inolvidable con Elba a súa compañeira, Carlos Oroza e algo de augardente, a hospitalidade e o cocido no Pombo. A Rugueira e as fontes.

de Bioloxía influenciados polos "Guitianes", por Augusto, tamén se abriron (estanse a abrir) algúns dos vellos camiños,

### Os vellos camiños cegos.

#### Rotas deixadas;

...as procesións á Rugueira, e o turismo rural, "non imos comer turistas que dixo alguén"...o mono de Mercurín..., pero sempre, sen mudar ou mudando pouco as xentes e as paisaxes do Courel, algo que vos sabedes estreita e necesariamente ligados, pero moitos dos que por

**Eiquí sempre foi bosque...  
Ruxir solo da fonte do corzo;  
Barbas do mofo  
Pingando dos toros;**

**Augas brancas da Rogueria  
Bouzas pechas d'uces e xestas;;  
Abrairas teixos xardois e reboleiras;**



Foto: E. M. Vila

Os souts de Parada e Moreda, a Lucenza...  
**"deitarme na campá da Lucenza, nun claro"**

Logo de moitas veces no Courel, alomenos no outono, coa compañeira, cos amigos, os de sempre e os que foron sendo ó longo dos anos, máis souts e máis devesas, Paderne, Mercurín, o Río Pequeno, e o Lor o castro de Vilar, Vilamor, Froxán, Mostaz, Seceda, Sobredo.... O Pombo, o Inxerto e o touciño que nos daba para comer nas fontes da Rugueira, os cores do outono e a primavera nos prados, nos souts, nas devesas...

#### Souto si folla;

#### cerdeiras roxas e bidueiras marela

Os almozos no monte, os viños, as ceas, ...As Fontiñas, O Gloria, a casa do Xastre O Cámping, a neve, o sol, o frío e a choiva, ¡canat choiva! O goretex..., as maniotas xa en Compostela, pero sempre momentos para lembrar...

Fóronse abrindo pistas e xa non foi preciso levar aos enfermos ás costas, chegou o asfalto e chegaron máis turistas (sempre houbo no Courel, alomenos estudantes

aquí vimos non somos quen de comprender.

O Courel non se pode entender sen o traballo do home ao longo do tempo, dos que habitaron e dos que agora habitan esta terra, os prados e os souts, as reboleiras e as devesas, o bosque e o monte, todo o que agora é. Todos, dende os que vimos gozar dos camiños, as xentes e as paisaxes, ás administracións, temos que entendelo. Soamente así sería posible a conservación dunha paisaxe única, sen igual en Galicia coa súa fauna e flora, e a auga ¡canta auga!, que logo alimenta outras terras.

Hai motivos dabondo para que os que teñen responsabilidade na toma de decisións se decaten de que para que o caurel perdure, para un uso sostible dos seus recursos, é necesario que non perda a súa xente, a súa actividade, a súa cultura, algo que soamente se pode acadar valorando a importancia do seu traballo.

Non vos quero ocupar máis, soamente insistir na estreita relación entre os habitantes e as paisaxes do

P a r r i l l a d a

# Paredes



COMIDAS POR ENCARGO  
PRODUCTOS CASEROS

PAREDES - Lóuzara - SAMOS (Lugo)  
Tel. 982 546 167 - Tel. 982 546 150

Courel, que a súa supervivencia non se logra unicamente con - necesarias- novas infraestructuras, e que é urxente



apostar polos propios habitantes do Courel, mellorando as súas condicións de vida tanto no material como no cultural. Tedes que estar orgullosos de contribuír a conservar un dos máis valiosos patrimonios naturais do norte da Península.

Remato co primeiro poema dos Eidos:

**Courel dos tesos cumes que ollan de lonxe;  
Eiquí síntese ben o pouco que é un home...**

E un fragmento doutro

**Serra aberta  
inmensa antiga herencia;**

Gracias pola vosa paciencia  
(en negriña poemas e versos de Uxío Novoneira)

Eduardo García-Rodeja Gayoso  
Santiago de Compostela, novembro de 2003

## OS RAPACES DO C.P.I. DO CAUREL PRESENCIARON UN PARTIDO DA FASE FINAL DA COPA DA REINA DE VOLEIBOL FEMININO

Coincidindo coa celebración en Monforte da Fase Final da Copa da Reina de Voleibol Feminino. Os rapaces e rapazas da E.S.O. do colexio de Seoane acudiron a un dos partidos de ¼ de final. A viaxe foi organizado pola Asociación "Fonte do Milagro" e o centro educativo do Caurel coa colaboración do C.V. A Pinguela Ribeira Sacra e o Servicio Provincial de Xuventude da Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado.

O partido que presenciaron foi o que enfrontou ós equipos do Hotel Cantur e o Playas de Benidorm, coa circunstancia que no equipo levantino xoga a veciña do Caurel María José Garrido, o que fixo que os rapaces non deixasen de animar ó seu equipo e ó final tiveron a oportunidade de vivir de cerca este deporte e fotografiarse coas xogadoras.


A incidencia deste deporte no Caurel está marcado pola presenza na máxima categoría desta disciplina deportiva de dúas xogadoras con raíces na zona: a anteriormente citada e máis Jéniffer Mendoza que milita no C.V. Universidad de Granada.



**CASA  
MEIGA**



Carnes a brasa  
Servicio de Internet



Avda. José Antonio, 1 • 27330 Pobra do Brollón (Lugo) • Tel. 982 43 05 82

## ¿AS FOLLAS SECAS TEÑEN VIDA?

Tan acostumbrados estamos, hoxe en día, ós avances tecnolóxicos e os seus beneficios que a cotío esquecemos que ata a cousa máis sinxela e insignificante poida ser importancia vital, que os mitos e lendas teñen algo de verdade, xa polo feito de existir na tradición oral pasando dunha xeración a outra indica que tiveron a súa importancia... Pero hoxe resulta difícil crer neles.

Isto aconteceu hai moitos anos na nosa querida Galicia cando había pouca xustiza e moitas disputas (cousa que lamentablemente segue a suceder aínda hoxe).

Dous veciños enfrontados dende moito tempo atrás con pelexas case constantes pola auga de rega duns prados e pola súa serventía certo día atopáronse nun souto e coma tantas veces chegaron ás mans, un deles puido máis, tirou o outro no chan e golpeouno ata deixalo moribundo... Era no outono, cando as follas mortas empezan a caer revoloteando no aire. O infeliz, cando viu que non ía saír daquela, dirixiuse ó agresor e díxolle:

*Mátasme eiquí, pero... agarda que estas follas secas han se-las testemuñas do teu crime.*

Aínda non pronunciou estas palabras e o outro golpeouno de novo con máis forza que antes, ata que o matou... De súpeto as follas quedaron quedas, caladas, mentres o asasino canso e sudoroso, se apresuraba a tapalo sangue e oculta-las probas, cargando co cadáver e tirándoo por un barranco abaixo. Tras iso marchou para a casa, non dixo nada, nin sequera a súa xente... Durante uns días estivo nervioso, inquedo, non tanto polo que fixera canto por se alguén vira, escoitara ou sospeitara algo, mentres procuraba non dicir nin facer nada que puidese implicalo.

Non tardaron moitos días en atopalo defunto, e aínda que toda a aldea sabía das desavenencias entre os dous veciños, ninguén vira nin escoitara nada, as poucas pescudas que se fixeron non conduciron a nada a o asunto quedou así.

Foron pasando os anos e o asasino seguía coma se nada, nin un atisbo de arrepentimento, nin un pesadelo pola noite... ¡nada! incluso cambiou de residencia e coma outros moitos emigrou cara a cidade en busca de mellores condicións de vida, ata que un día.. tivo que voltar o seu pobo por un asunto de testamentaria, e cando xa case esquecera o que pasara aquela mañá de outono, pasou de novo por aquel sitio. Casualmente era unha maná de outono, morna, coma aquela en que... Chegando a aquel sitio, as follas secas empezaron a rebulir vertixinosamente axitadas polo vento. El quedou un anaco abraiado, mirándolles..., lembrou o que a súa vítima lle dixera, de

que ía ser descuberto pola follas secas, e como xa pasara tanto tempo e non se descubrira nada, escapóuselle un sorriso, polo que a súa muller non puido menos que preguntarlle o motivo, e dixo que nada, pero como ela seguía a preguntar, cada vez con máis insistencia, acabou relatando o sucedido e confesou que matara un home había uns anos e que antes de morrer lle dixera que as follas secas o habían descubrir. A súa muller non puido garda-lo segredo e contoulo a unha veciña. A veciña, aínda que xurara que non ía dicir nada, acabou por contalo o seu home, este díxollo a un irmán, aquel díxollo a ... En pouco tempo sóubose todo o acontecido. E polas follas secas foi descuberto, e aínda que pasou un tempo no cárcere non tivo demasiados problemas, agás o rexeite dalgúns veciños e parentes. O que nunca puido superar foi o revoloteo das follas secas no outono, parecía que o observaban cuns ollos penetrantes e misteriosos. Ó primeiro sentíase amolado, pero pouco a pouco empezou a sentirse mal, e entón si que tivo pesadelos..., sentíase vixiado de día e pola noite, sentía pavor.

Cando saía da súa casa, camiñando polo carreiro que tantas veces percorrera con indiferencia, este aparecía recuberto de follas mortas que ó pisalas roxían. ¡Quizás non estaban mortas de todo! E unha mañá cando se levantou atopou unha folla seca na fiestra.

Pouco a pouco foron acontecendo máis cousas, e canso xa de soportalas e das miradas inquisidoras da xente, decidiu rematar con todo e aforcouse preto daquel lugar onde anos atrás ocorrera todo. Mentras agonizaba contemplou por derradeira vez aquel estraño rebulir das follas, pero agora xa non tiña medo.

A súa morte non causou moita pena pero si deu moito que falar, e cando ían co seu cadaleito cara o cemiterio este ía cuberto de follas secas, as mesmas que o día de defuntos daquel ano a súa muller vira a carón da sepultura.

Pero isto é só un conto, aínda que a veces os contos non son tan contos.

¿Teñen vida as follas secas...? ou ¿somos vítimas dos nosos medos?

JESÚS A. PARADA JATO (Meiraos - O Caurel)




**Casa Valín**  
ALOJAMIENTO RURAL  
Nieves López Valín

APARTAMENTO COMPLETO

SEOANE DO CAUREL (Lugo)  
Teléf. 982 155 388

## PRESENTACIÓN DA GUÍA DO CAUREL



Coincidindo coa V Edición da Festa da Pisa que se celebrou o día 7 de Nadal de 2003, facíase a presentación da primeira Guía do Caurel. Logo das conversas mantidas dende a Asociación, tanto coa editorial Galaxia como coa autora Mercedes Vázquez Saavedra, o ter coñecemento da súa publicación pensamos que a data e o lugar idóneo para a súa presentación sería O Caurel, e que mellor que coincidindo coa Mostra da Pisa e Degustación da Castaña Seca que, dende hai 5 anos, se celebra na primeira ou segunda fin de semana de decembro en Froxán.

Dende que no ano 1999 a autora e o seu marido e asiduo compañeiro Moncho visitaron, un a un, os pobos e lugares da Serra, faláron con cada un dos seus habitantes, percorreron sendeiros, camiños, cortafogos, etc. moitos estabamos pendentes de cando poderíamos ollar e ler nun libriño ou guía, ver os apuntes que os autores foran tomando nas libretas de campo, e máis cando tódolos caureláns vivimos de preto este traballo. Moitos días coincidimos con Moncho e Mercedes na súa tarefa

recoller e recabar información para sacar á luz un traballo como O Caurel se merece. As recentemente editadas guías de Pobra de Brollón e da Ribeira Sacra, das que tamén son autores, facíanos pensar que o traballo ía ser interesante, como así resultou, pero alongábasenos a espera e había inqueda en saber que sería daquel traballo que as xentes do lugar vimos facer; por iso cando pensabamos que aquel proxecto ía ser iso, un proxecto, dándonos a boa nova que a guía está na imprenta e que Galaxia pretende que saia a primeiros de decembro.

Temos que agradecer dende Asociación a vontade que, tanto a autora como a editorial, puxeron para que esta se presentase coincidindo cunha das actividades culturais que habitualmente este colectivo ben desenrolando na zona.

As moitas persoas que ese día se deron cita en Froxán asistiron, sen dúbida algunha, a un acto de presentación enxebre e nun marco do máis axeitado e así escoitaron con atención as palabras da autora, as do Xefe de Producción da Editorial Galaxia. D. Xosé Manuel Soutullo que amablemente atendeu a invitación feita pola Asociación e as de D. José López Fontal alcalde do Concello do Caurel.

Dende aquel día esta guía pódese mercar en boa parte das librerías de Galicia e en establecementos do Caurel, para que así ós visitantes lles resulte máis sinxelo percorrer e coñecer as fermosas paraxes que se agochan nesta zona.



Foto: M.Pombo

# ALBERGUE DE QUIROGA

- ACTIVIDADES DE EDUCACIÓN AMBIENTAL - DEPORTE DE AVENTURA  
- ITINERARIOS GUIADOS...

FINCA DA SILVA, S/N  
C.P. 27320, - QUIROGA (LUGO)



Tlf./ Fax: 982 43 52 90 Tlf: 606 37 19 64 E-mail: albquiroga@hotmail.com  
WEB: <http://www.telefonía.net/web/alberguequiroga>

## R U T A

## CASTRO DE PORTELA - REGUEIRAPENA - CASTRO DE PORTELA

**CARTOGRAFÍA:** Mapa Topográfico Nacional de España. Nº 156-IV (Salcedo)  
Escala 1:25:000

**DISTANCIA:** Cinco quilómetros

**TEMPO:** De unha hora e media a dúas horas.

**DIFICULTADE:** Baixa, pódese facer en bicicleta de montaña.

**DESNIVEL:** Cota máxima: no punto de saída e chegada na aldea de Castro de Portela 470 metros; o punto máis baixo: no rego de Redeiras (Regueirapena) 370 metros de altitude.



Quiroga pola N-120 o camiño máis curto é ó pasar o posto da Cruz Vermella de Quiroga a tres quilómetros a primeira saída á dereita, xusto diante dun negocio de hostalería, seguir a estrada ata o alto de Aldriz (5 quilómetros), e aquí dirección Vilar de Lor.

**DESCRIPCIÓN:**

A ruta discorre por antigos camiños de carro (rodeiras) e dende Castro de Portela, onde podemos admirar o val do Lor xa no seu derradeiro percorrido polo termo do Concello de Caurel, e dende aquí servirá de fronteira entre os concellos de Quiroga e Pobra de Brollón. Os últimos 300 metros farémolos por asfalto, na estrada que vai dende Froxán.

**PERCORRIDO:**

A ruta non está sinalizada pero se segues esta información non terás ningunha dúbida. Deixamos o coche na estrada, na parte superior do pobo, adentrámonos por entre as casas, os poucos metros chegamos a unha prazola e á fonte. Votamos un trago e enchemos a cantimplora; podemos facer unha visita os poucos restos que quedan do Castro, o primeiro que se atopa na entrada do Caurel río arriba de ahí ben o nome de Castro de Portela (porta a outros castros). Parte da aldea construíuse enriba das vellas edificacións e cos materiais destas. Para achegarnos as ruínas é bo preguntar a algún veciño polo acceso, este faise a través dunhas cancelas de metal e máis dunha porta que aínda que é paso público debemos respectar o seu estado.

**SITUACIÓN COMO CHEGAR**

Esta corta e cómoda ruta, atópase no sur do Concello do Caurel. Para chegar ó punto de partida as opcións son as seguintes: si nos atopamos no termo do concello, o camiño máis curto é chegar a Froxán, dende aquí coller a estrada que parte uns 200 metros logo da fonte. Esta indicado, Castro de Portela; dende o cruce 3 quilómetros. Se nos desprazamos dende Monforte: N-120 dirección Ponferrada, na Labrada de Lor saír onde indica Paradela e na mesma saída dirección Vilar de Lor (ollo no cruce do Alto de Aldriz) 5 quilómetros dende o cruce de Paradela, continuar dirección Vilar de Lor. Ó pasar o pobo na primeira bifurcación collemos a da dereita, atravesamos Xestoso e logo de descender chegamos a Castro de Portela. Se nos diriximos dende Ponferrada-



Hostal - Mesón  
O `Mírador  
MIREILLE TOSONI

Teléf. 982 43 30 64 FOLGOSO DO CAUREL

Continuamos a ruta; descendemos dende a prazola polo camiño entre as casas, ó saír de entre as vellas construcións, afeadas un pouco por algunha restaurada con non moito gusto, avistamos o val de Portela e por onde discorre a ruta, encontramos as marxes do camiño plantacións de cepas, o microclima e ubicación fai deste un lugar ideal para o cultivo da cepa e outras plantas de clima mediterráneo. Ós poucos metros un recodo de case 45 grados á esquerda lévanos por debaixo da aldea e podemos ollar as construcións enriba de nos empoleiradas; ó adentrarnos no souto de castiñeiros, o camiño bifúrcase, nós collemos para abaixo e de pronto encontramos un poboado de vellos sequeiros (construcións para secar as castañas) algún está a ser rehabilitado como vivenda. Continuamos descendendo, rexeitamos o que sae a nosa dereita e seguimos de fronte, unha construción a nosa esquerda e de súpeto o camiño entra entre balados que serven de peche ós prados; entramos de novo nun souto, seguimos descendendo ata atopar un camiño que discorre perpendicular ó que nós levamos e que vai en paralelo co Río Lor. Un prado xusto de fronte: eiqui collemos o camiño que segue en dirección río abaixo, non resulta difícil ollar nas beiras garzas, merlos de auga, bos exemplares de troita fario e as fermosas nutrias. Continuamos paralelo ó río, chegamos a un vello sequeiro, hoxe totalmente transformado, uns metros máis adiante chegamos á Pena de Regueirapena (esquerda do camiño) e ó Rego de Redeiras; eiqui debemos da-la volta, o vello camiño que leva ós impresionantes Bocos de Rendar (excavacións auríferas dos romanos de Rendar) e os restos que aínda quedan do vello poboado e a unha capela que, a non ser o tellado, garda a súa



estructura. Este camiño preténdese abrir en breve, dentro do proxecto para abrir sendeiros e camiños da Asociación Fonte do Milagro.

Volveremos polo mesmo camiño ata chegar á bifurcación enriba do primeiro prado e seguiremos de fronte, de novo entre balados, pero esta vez ollando as augas calmas do pozo do Reconco. Atopamos unha nova construción, o camiño

pasa detrás dela; ós dous lados vellos sequeiros e cabanas enterrados entre as silvas. Xa podemos ollar a maxestuosa Pena do Reconco que nace á beira do río e se levanta en vertical uns 100 metros. Entre a pena e o río discorre o camiño que leva de Froxán a Paramedela. Dende alto podemos ollar, enfronte desta espectacular parede, como as augas bravas do Lor se volven calmas. Hai quen di que neste lugar o Lor durme. Seguimos río arriba, en paralelo un pouco máis afastados por entre castiñeiros de novo, as augas volven ruxir e aló ó fondo vemos a espuma branca que fan as fortes correntes. Xa avistamos o Soutovello e as fincas de Froxán, estamos enriba dunha pena que baixa en vertical dende o camiño ó río, atravesamos o mítico souto; de novo as casas de Castro de Portela penduran enriba de nos. Atopamos unha nova bifurcación, seguimos para arriba, unha recente

construción á esquerda do camiño e, ó pouco chegamos á estrada, xiramos á esquerda e ascendemos polo asfalto ata chegar ó punto de partida. As primeiras construcións da esquerda, a que máis arrimada está á estrada, é a capela de Santiago Apóstolo o Patrón da Aldea. Xa rematamos a ruta... podemos baixar botar uns tragiños á fonte.

Boa Viaxe...



comidas caseiras  
habitacións con baño

- Nabizas con lacón e castañas
- Caza
- Entremeses caseiros
- Postres caseiros

Seoane do Caurel (Lugo)  
Tfno.: 982 43 31 06

## UNHA ESCAPADIÑA Ó CAUREL

**N**a Revista do pasado (Nadal 2003) e baixo o título ISTO É NOTICIA, o reporteiro da Candea anima ós seus lectores para que fagan algún comentario sobre a instalación de certo sinal de tráfico que permanece chantado desde sacando, nas proximidades da entrada á Mina Romana de Ouro da Toca. Merecente de gabanza é este Reporteiro que torna tan ben a auga para o seu muíño, pero a min impresionáronme moitísimo aquelas sedutoras palabras "Mellor fagan unha escapadiña".

A Revista chegou ata min, afastado como estou do Caurel os seus 200 quilómetros, nun momento, o mellor do mellor, por que viñeron avivecer un certo degoiro que sempre mantiven, de ir visitar ese espacio natural, cheo de atraentes e fascinantes encantos, dos que moito me teñen falado. Foron esas palabras da escapadiña as que obraron, xa que logo, ese pequeno milagre de poñerme a organiza-la viaxe cara alá, en pleno mes de febreiro, desafiando quizás as posibles adversas condicións atmosféricas.

A parte de ir botarlle unha ollada a esa antiga mina romana, onde teñen espetado o devandito e controvertido sinal de aparcamento, tres obxectivos propúxenme acadar, obediente á petición reporteira, propósitos que expoño seguidamente:

1º. Mergullarme totalmente na maxia de tan atraentes paisaxes.

2º. Experimenta-lo gusto de poder cata-la súa auténtica gastronomía local.

3º. Parolar algo coa xente, aló por onde a visita queira turrar de min.

Hai un dito popular que afirma rotundamente que tódolos camiños levan a Roma, sentenza da que non se libra O Caurel, xa que para chegar a el, de preto de 850 km de extensión, descubre o arrichado camiñante que ten a súa enteira disposición todo un abano de portas de entrada (conteille máis dunha ducia), repartidas por toda a rosa dos ventos. De xeito que pódese entrar por Oencia (Prov. De León, o Bierzo); por Pedrafita do Cebreiro; collendo o Camiño que vai a Incio; meténdonos por Quiroga, por Samos ou por Barxas (Prov. De León; pola Pobra de Brollón....

Escollín esta última por quedarme máis doada, partindo das Rías Baixas, e con todo, o chegar a Pobra, que sentín non poder visitar, o contaquilómetros xa marcaba

os 160 xustos.

En todo o rápido percorrido efectuado no pouco tempo dispoñible nesta primeira xeira, as notas que fun tomando no meu caderno de campo, dende o coche. Ían amosando, como no pase dunha película, unha vexetación cambiante e moi variada, alternado as frondosas fragas e os tupidos bosques de altos piñeiros o lado de infinitos pequenos soutos de castiñeiros. Estes soutos esténdense por unha boa parte do territorio caurelá, ora empoleirándose á beira de sendas e vereas, ora invadindo mesmo os lugares habitados, como airas, cortiñas e camiños de paso, impoñendo a súa presenza robusta e dominante. Os castiñeiros de indefinida idade que non sei precisar, dan a impresión para este profano observador, de que están reclamando a toda présa unha intelixente demouca, porque segundo teño entendido, cada día que pasa prexudica gravemente tanto a produción como a calidade da castaña, tan importante para esta zona. Tamén rexistrei, moi espallada outra variedade de vexetación, como é o monte baixo e as matogueiras.

Salvando as distancias e a composición do terreo onde ten asentamento todo isto,

parecíame estar pasando por montes, bosques e atravesando regueiros que xa vira noutros lugares lonxe de aquí, porque viñéronme a mente paisaxes da Illa de Tenerife, concretamente a subida ó Pico do Teide, o Monte da esperanza, tamén os bosques de laurisilva, da era terciaria, na Illa da Gomera do mesmo arquipélago Canario, ou ben os amplos e abertos camiños de sendeirismo que van a carón dos ríos entre os bosques de alta montaña, as espectaculares fervenzas que son admiración dos excursionistas no Parque Nacional de Ordesa e Monte Perdido, en pleno Pirineo. Encontreilles certa semellanza ó meu modo de ve-las cousas.

As distancias aquí para ir dun lugar a outro, aí que valerse dun vehículo, pois son bastante considerables, inda que os habitantes non o recoñezan así, por que están afeitos, cando para eles, 5, 6 ou 15 quilómetros non son distancias a considerar preocupantes.

Como experiencia moi valiosa, fixen percorrido (guiado), desde a impresionante localidade de Froxán ata o Río Lor, baixando por un camiño costento e algo traballoso, que en tempos pasados seica foi moi transitado por recuas de bestas que as dirixían a Pobra de Brollón. E



Foto: MUXÍA



CHIMENEAS  
Hogar Confort

CHIMENEAS FRANCESAS  
RECUPERADORES DE CALOR  
ESTUFAS, BARBACOAS, ETC.

Ctra. N-VI, Km. 399 - Tel. y Fax: 987 562 717  
24550 VILLAMARTIN DE LA ABADIA (León)

¿qué levaban?, pregunto a un paisano que pasa. Castañas foi a resposta. - Pero volverían cargados de vida para a casa, dixeran. Volvíanlle de baleiro; só traían os cartos.

Nas case dúas horas que botamos na baixada do río, fomos acompañados acotío polo rumoroso son do Lor, que o enchía todo, como unha canción permanente e constante, mais non monótona. E cando un se vai arredando del, este cantar é substituído por un absoluto silencio, o silencio do Caurel, non contaminado con outros estraños engadidos sonoros. Despois a pureza da atmosfera, tan limpa, tan vital, tan saudosa.

En canto a expresarme falado da gastronomía, non terei palabras para contar aquí a alta cualificación que lle tería que dar, non soamente pola pureza con que son elaboradas as saborosas viandas, incluído o pan, tamén teño que facer loanzas para as mans que artesanalmente as preparan, cos seus métodos tradicionais.

Ó falarmos da xente que coñecemos o noso paso, saca un a simple conclusión que o compendiará todo: Pareceunos que no trato entre eles semellaban ser parentes benqueridos, inda que non fosen da familia, quero dicir, apreciábaselles un trato de xente ben levada.

A Mina de Ouro da Toca non demos chegado porque ó intentar subir por aquelas empinadas costas, onde abundan as curvas e cando o lusco e fusco se viña

achegando de vagariño por entre aquelas altas montañas, a unha excursionista do grupo parece que se ía entrando unha sorte de vertixe e decidimos dar a volta, deixándoa visita para outra nova ocasión.

Seguimos sen librarnos das comparacións, pois neste frustrado intento de cegar a Seceda, ¿non se parece a aquela sucesión interminable de curvas chamadas da Calobra (da cobra) que hai ó norte da illa de Mallorca?.

Regresamos á parroquia de Vilamor, a nosa base principal por que tiñamos unha segunda en Froxán, e teño que dicir que en todos estes sitios tratáronnos coma se fosemos coñecidos e amigos de toda a vida.

Tiñamos que ir mirar a variedade de muíños fariñeiros e tantos outros atractivos que esconde este Caurel fascinante.

A escapadiña remata, as cuartillas tamén, o milagre produciuse e no corazón noso van as gratitudes envolvidas coa ansia de volver.

A saída por Pedrafita; e como símbolo de despedida botamos unha ollada o Sur. Ala quedaban o lonxe os cumios do Caurel bañados por un reluciente e insólito sol deste "febreiriño tolo".

MANUEL ARIAS REAL  
De Pontevedra a Folgoso do Caurel



• Droguería • Parafarmacia • Dietética • Alimentación Infantil

**ARENAL ES MAS BARATO**

Calvo Sotelo 93-95 • SARRIA

Rúa Cardenal 33 • MONFORTE

Central: Polig. CEAO - Calle Industria, 94 • 27003 LUGO

Tfno.: 982 20 70 46 - Fax: 982 20 71 14

## V FESTA DA PISA



**O**s sacos petando con son acompasado enriba dos cepos, as castañas sen cáscara ruxindo no bandoxo volven a oírse nunha fría xornada de outono na Serra do Caurel. Velloso oficios ou tradicións que se foron perdendo co tempo nos fondos vales destas terras caurelás. Para gustos, cores; hai quen di *que tempos aqueles cando nos meses de outono e inverno o fume dos sequeiros cubría os tellados das aldeas coma se dunha sabana branca se tratara e o son diario dos sacos petando nos cepos era como se un canto ben afinado soara ó unísono en toda a contorna*. Pola contra, outros non queren lembrar aqueles tempos, eran moi duros. Pero a pisa da castaña seca, foi parte da cultura desta terra, non só un traballo máis ou menos leva deiro, todo un anaco da rica e abondosa cultura espallada por cada unha das aldeas e lugares do concello do Caurel e seus arredores; un legado cultural que non debemos perder.

Para manter vivos estes valores, dende hai 5 anos e ano tras ano, un dos obxectivos da Asociación Cultural "FONTE do MILAGRO" é recuperar, mostrar e revivir este oficio de temporada que a bo seguro se realizou dende que os primeiros castiñeiros do Caurel tiraron a primeira colleita de castañas e iso xa hai moitos anos, séculos.

Ano tras ano, esta pequena demostración da Pisa e Abandonado así como a degustación da saborosa castaña seca, *pilonga* para moitos, está a ter mais adeptos, moitos fixos dende a primeira edición, probaron gustoulle e cada ano coincidindo cos días festivos da ponte da Constitución achéganse para mostrar o seu talento *pisando* e o que aprenderon, edición tras edición, e o mesmo tempo degustar

un bo prato de castañas secas cocidas e acompañados polo inconfundible sabor das carnes de porco criado e mantido con castaña, de xeito natural, como se fixo ó longo dos tempos, ceibes polos souts, así como saborear os variados postres elaborados a base deste froito, manxar de deuses!!

Non cabe a menor dúbida!... a castaña foi, é, e debe seguir sendo referencia na vida cotiá do Caurel e das súas xentes, tema importante na economía da zona.

Falemos como foi esta V Edición. Moitos dos nosos lectores seguro que descoñecen os actos que ó longo da xornada se celebran no lugar de Froxán onde se celebra esta Festa-Mostra. É imposible neste pouco espazo que temos amosar polo miúdo como se desenrola a actividade, pero a través das fotos, o que descoñeza o tema, pode situarse un pouco e así ter unha pequena referencia desta peculiar labor. Este ano pasaron polo lugar durante a xornada, arredor de mil persoas e algo máis de 300 sentáronse nos lugares habilitados para degustar os pratos ofrecidos. O ir e vir de xente durante o día estivo tamén marcado pola presenza dos pisadores invitados que este ano foron: o actor galego Miguel de Lira, popularmente coñecido por "Currás" na serie da TVG "Mareas Vivas", que agasallou ós presentes con produtos da súa terra, que senón teñen que ver co froito do castiñeiro, algo se lle asemella: os *ourizos de mar* que a pesares do recelo que moitas persoas sentían por aquel *bicho mariño*, que pouco se diferenciaba dos ourizos que gardan dentro as castañas, poucos foron os que non cataron este manxar. Tamén nos acompañou a actriz galega Mónica García, que na



SANDRA CANCELA

C O C I Ñ A S

RÚA MANUEL MARÍA 2-4 BAXO - Tfn: 982 203 985  
e-mail: cancelacocinas@mundo-r.com





Foto: MUXÍA

actualidade encarna o papel de camareira no orixinal Bar Suízo da serie Pratos Combinados. A súa estadia na festa causou rebulir sendo moitos os que se quixeron facer unha instantánea para gardar como recordo, non en vano os seus personaxes na televisión foron moi seguidos polas xentes do Caurel e o mesmo tempo moi queridos pola súa simpatía e respecto que amosaron a tódolos alí presentes.

A curiosidade picaba a moitos e máis dun atreveuse a dar unhas pisadas e colgar o bandoxo para tratar de limpar unhas castañas, pero convén sinalar que a labor de abandonado non está ó alcance de todos: é unha tarefa que require moita destreza e habilidade para separar a castaña da *puxa* (cáscara) sen tirar polo chan o froito; hoxe en día xa son poucas as persoas que manexan con destreza este aparello.

A presentación da Guía do Courel, da que falamos

máis extensamente noutro apartado da revista, e centrada tamén dentro dos actos desta Mostra, foi sen lugar a dúbidas outro atractivo que axudou a xuntar xente no lugar.

O éxito que estas celebracións están a ter anima ós membros da Asociación a traballar xa dende agora para vindeiras edicións, para así, dalgún xeito, lembrar o que hasta hai tres ou catro décadas era unha habitual tarefa nas portas dos centos de sequeiros espallados pola xeografía caurelá, moitos encravados dentro das propias poboacións, e outros agochados no medio dos soutos. A utilidade destas históricas e singulares construcións limitábase, en boa parte deles, só ó uso de secado das castañas estando o resto do ano en baldío.

A chegada da maquinaria, o despoboamento e envellecemento das xentes do Caurel así como a comercialización do froito en verde para secadoiros industriais, que nada teñen que ver co secado tradicional feito ó longo do tempo, están a facer que se perdan estas tarefas e que os nosos rapaces só coñezan o proceso de seca, pisado e abandonado da boca de seus pais, avós, etc. Hoxe en día é cando máis valoramos a calidade dos produtos que consumimos quizás ignoramos que a castaña, e concretamente nesta zona, é un froito de total garantía, ecolóxico ó 100% xa que non se usa para o seu cultivo ningún tipo de veneno, herbicida, abono químico ou calquera outro produto que puidera contaminala. Esta é unha das razóns polas que temos que traballar entre todos, e as veces aínda que o seu cultivo, recolección e transformación de xeito tradicional e natural non resulte moi rendible, debemos pensar na calidade e garantía que se ofrece.



Foto: MUXÍA



Foto: MUXÍA




Esta miel cosechada en los profundos valles de la Sierra del Caurel, en donde conviven la flora mediterránea y atlántica, tiende a cristalizar. Si se prefiere líquida debe calentarse al baño maría a una temperatura de 40° C.  
Conservar a temperatura ambiente

CAURU, SDAD. COOPERATIVA GALEGA  
Rúa Arroyo, 6-1º • 27320 - QUIROGA (Lugo)  
Teléfono: 982 435 179 • Móvil: 679 746 303

*Miel cosechada en la  
sierra del Caurel*

## UXÍO NOVONEYRA



“Tralas pegadas do POETA DO COUREL  
Uxío Novoneyra”

(Homenaxes Póstumas (1999-2000 (...))

7ª PARTE

*Hoxe as campás de tódalas campás da serra  
do Caurel/ tódalas campás tanxen, debuxando as/súas  
badaladas de bronce/na chuiva diste día. Píapaxaro,  
Formigueiros, Cido e o Souto de Parada ficaron orfos/pola túa  
ausenza(...).(sic)*

Pontedeume. 1º de novembro 99 Moncho Regueira  
(Revista do Caurel - A Candea" Nº 2)

*(...) eiquí i aquí i aquí i aquí*

*Io corvo de Allan Poe a repetir:*

*nunca máis/nunca máis(...) pedín un berro un salouco  
ou un gran suspiro(...).(sic).*

*Uxío Novoneyra*

*"Do Courel a Compostela"* Tódolos que tiñan provisto  
reunirse en Santiago o día 30 de outubro do 99 para homenaxear  
ó poeta do Courel, xuntáronse mes e medio despois.

HOMENAXE A UXÍO NOVONEYRA

O día 18 de decembro do 99, ás 12 h. no teatro principal de  
Santiago, os artistas e amigos que o día 30 de outubro tiveron  
que suspender a homenaxe a Uxío Novoneyra, uníronse á  
Asociación "O Galo", ASPG, e á Asociación de Escritores en  
Lingua Galega para facer entrega á dona e fillos do finado poeta  
caurelán, dunha carpeta con debuxos e textos de 140 artistas e  
escritores galegos que realizaran en homenaxe a Novoneyra.  
Poemas, textos e pinturas orixinais que o propio Uxío  
encargárase de supervisar antes do seu pasamento.

A emotiva homenaxe de decembro reuniu nunha soa voz

ós poetas. A "Escola de Tebra" encordou os versos da  
lembranza. No teatro principal de Compostela, oitocentas  
persoas xuntaron lingua e xesto: *-Uxío non pode estar aquí, e a  
esta hora debe estar na fonte da Rogueira...-dixeron os  
presentadores. Mías logo, izouse "a voz dos poetas".*

**Bernardino Graña, o poeta do mar**, amigo e compañeiro  
de Uxío na andaina madrileña e nas festas minervais  
compostelás, convocou ó vento e ó ar: *-(...) O vento díxome...(...)  
Dulcificando o aspero...(...)  
O monte en curva turxente coma un  
peito....(...)  
Aire, aire...(...)  
o vento díxome cousas que non atopo  
nos libros...(...).*

**Manuel María, o poeta chairego**, amigo e compañeiro  
de uxío na poesía e no pensamento, tirou do recordo e do  
sentimento *(...) Uxío do Courel dos tesos cumes/ onde é silencio,  
a inmensidade/ e os humanos somos poca cousa/ (...)  
O inefable  
sorriso do teu pai, a palabra pura máxica, ancestral/ da túa  
boísima mai... a túa irmá Elisa, o teu sobriño... Os Fontes,  
Basilisa,... María Mariño e os longos silencios do  
Roberto... A imborrable presenza de Maside/ Don ramón,  
Anxel fole, Cuña Pimentel... Non nos domesticaron:  
resistimos... Elba, Branca-Petra, Uxío, Arturo... ¡ouh amigo  
máis que fraternal...)*

Outros dous amigos do poeta da serra, **Salvador García-  
Bolaño**, compañeiro da época do xornal "La Noche" e as Festas  
Minervais, recitou un poema de compromiso coa terra *(...) A  
patria na palabra recreada,...) Velaí o Novoneyra do Courel.*

**M.X.Quizán**, mollou no licor café... o poema da  
nostalxia: *-Os tranvías que baixan do Calvario... a servilleta  
de cadros despregada... a tarteira... Os sons da infancia a  
ritmo de jazz.*

**X.I.Méndez Ferrín**, outro poeta-amigo dos tempos de  
Brais pinto e das festas Minervais, parafraseou cun ramo de  
versos de "Pólvora e magnolias" *(...) Confucio atravesouse entre  
nos dentes de Mao/ Un longo Confucio contemplando o devalar  
de Novoneyra polos caneiros de noutrora...)*

Os músicos convocaron ó poeta : O amigo de uxío dos  
tempos idos, o arpista Emilio Cao entoou con emoción "Muller  
pra lonxe": *-(...)...Andase a rúa como se fora a praia... Andase  
as rúas como se fora a praia... Ohhh muller pra lonxe (...)  
Ohhh muller pra lonxe... Andas as rúas coma si fora a praia /  
Oh muller pra lonxe (...)  
A voz de Emilio obtivo resposta: - (...)  
Eu dende aquel día vou buscando (...)  
Eu dende aquel día  
vou buscando (...). O sentido son da gaita elevou un berro cuasi-  
poético. Deu réplica (...)  
Fiandeirinha delgada, sempre metida  
a fiar / sempre a fiar e a soñar (...)  
Para logo non ser nada (...)  
Eso inda está por ver (...)*

**Os poemas de Uxío abriron OS EIDOS ó mundo...**

*(...) Caurel dos tesos cumes que ollan de lonxe (...)/(...)  
Ucedo a ucedo (...)  
Voume sumindo sumindo/ si o aire quer/  
chegarein a non ser ninguén.../ (...)  
Os ninos que andan a  
ouvea fain parvas (...)/ (...)  
Fontiña do Carabel (...)  
Camiño da  
Veneira/cereixas de carnabudo (...)/ (...)  
Na tarde todo quere ser  
aire.../ (...)  
Son das augas... Chove nas veigas sin que se oia/  
unha tras outra caían as follas dando voltas/ Barbaña,  
barbaña/ ¡Que noite de lobos...). Pasan as nebras/eu sinto que*



Hospedería Bar

FERREIRO



- Habitaciones con baño
- Comidas de la zona

Telf.: 982 43 30 65 - 982 43 30 23

Seoane do Caurel (Lugo)

*me deixan e que me levan....(...) Cruza o lobo/ cousos do lobo (...)(...) Estou solo como un lobo(...) Cantos outonos e longos invernos(...) Neva e non leva(...) Cae a neve polvoriña(...) xa non se oi o río, vai nacer outro Uxío pra que siga o pasado.*

Resonou a **Letanía de Galicia....(....) GALICIA digo EU... Galicia decimos todos, ata os que calan din Galicia(...)** **Libre pra morrer, libre pra fuxir(...)** **Galicia irmandiña, Galicia....(....) Sabemos que ti podes ser outra cousa.**

(Extractos de poemas de Uxío Novoneyra)**RÚA UXÍO NOVONEYRA en Santiago:** o mesmo día 18 de decembro do 99 as 14 horas o Alcalde de Santiago Xosé Sánchez Bugallo, descubriu unha placa que leva o nome da rúa UXÍO NOVONEYRA . (No barrio de Conxo, tramo que vai da rúa Sánchez Freire á rotonda Antón Fraguas).

**Outorgan o PREMIO RAMÓN OTERO PEDRAYO 99 a Uxío Novoneyra e Manuel María**

O premio Ramón Otero Pedrayo que otorgan as Diputacións chegou tarde. A título póstumo o premio do ano 99 recaeu no poeta Uxío Novoneyra e máis no seu amigo o poeta Manuel María.

O ano 2000 saíu do prelo o apéndice da G. Enciclopedia Galega, Silverio Cañada. Ed.. Novos Vieiros-A.Conde, SA. Euloxio R. Ruibal, voz: Novoneyra (páx. 135-137) a biografía engade novos datos(do 83 o 99).

Creouse en Lugo o Centro Socio Cultural e Sala de Exposicións UXÍO NOVONEYRA.

O nº 1 de a revista do Courel "A Candeia", publica uns **versos de Uxío** versos que dan pé o artigo de Sonia Vila da Pendella (...) "*el (Novoneyra) era deiquí; sabía como era a nosa xente e deixou boa constancia do que sentía cara a esta terra (...)*" (sic). O nº 2 de "A Candeia" publica tres traballos do **certame literario "Uxío Novoneyra"**, asinan os textos: Raquel Touzón, Paula Balanzo e Lucía López. O mesmo nº 2 da revista "A Candeia" inclúe o **poema "Os Eidos"**, (...) Dona Ildara de Romeor(...) na festa da Castaña do ano 2000, os pregoeiros Antonio Castaño e Isabel Martínez, autores de "Los Ríos del Caurel" lembraron a **Uxío**. (...) *Lor ruxindo polo val peche....(....)*

**HOMENAXE o peta Uxío Novoneyra no Courel.**

5 de novembro de 2000. Un importante número de escritores e poetas galegos acompañaron a viúva e fillos de Novoneyra nunha homenaxe íntima que se celebrou no Courel.

A dona de Uxío, Elba Rei prantou un cornabudo ou escornaboís, árbore que crece nos altos cumes da Serra. Axudou a prantar a árbore o poeta e dramaturgo lucense Miguel Anxo Fernán-Vello. Os poetas galegos erixiron un monolito no camiño de Parada, monolito con poemas e debuxos no recordo do vate da poesía galega. A viúva de Uxío recibiu de mans de Carlos Mella, presidente da Asociación de Escritores de Lingua Galega, o distintivo-póstumo que cada ano outorga a Asociación.

Entre os escritores e poetas que se atopaban na homenaxe

estaban unha vez máis os compañeiros de Uxío na época das Festas Minervais: Manuel María, Bernardino Graña; o escritor de Vila de Cruces, Neira Vilas, autor do inesquecible libro "Aqueles anos do Moucho", estivo presente na homenaxe a "Paroleira do eu", a escritora de Castro de Rei Margarita e as poetisas Iolanda Castaño e Marica Campo, a poetisa do Val do Mao e demais escritores e poetas. Sumáronse a homenaxe políticos e admiradores do poeta, acto que rematou nunha fraternal comida.

**RÚA UXÍO NOVONEYRA de SEOANE:** O Concello de Folgoso do Courel, uniuse a homenaxe do poeta. (...) - "Logo dunha emotiva xuntanza no Centro Escolar de Seoane descubriuse unha placa que da o nome do poeta a unha rúa de Seoane(...) Revista A Candeia nº 2 .

O Alcalde D. José López Fontal inaugurou a Rúa UXÍO NOVONEYRA, preto a Igrexa de San Xoán de Seoane. Deron conta dos actos: R. González na Voz de Galicia e X.L. Quiroga no Progreso.

O Courel 2004. Mercedes Vázquez Saavedra.  
(No vindeiro nº seguirán as homenaxes en lembranza ó poeta do Courel: Uxío Novoneyra)



CASA RURAL

**BONIFACIO**

**6 Habitacións con baño - Cociña tradicional**

**Fermosas paisaxes da Montaña do Lor**

Vilar de Lor, Quiroga -Lugo Tlf. 982-185449

[www.loralto.com](http://www.loralto.com)

## A MAÑIZA

¿Canto custa unha mañiza de herba?

Era polo tempo das matanzas, no mes de Nadal. Neses días os coitelos afiados cortaban as ás da fantasma da fame; as laceras sorrían e cantaban e saían aturuxos do lume das lareiras.

O día da matanza era día sinalado na casa dos labregos de Caurel, e tamén de moitos traballos e boureos. Pero xa era chegada a hora de esquecer o traballo e gozar da cea e da farra que habería despois.

Os homes estaban sentados á mesa e as mulleres aínda fraguaban pola cociña, arranxando cousas e atendendo ás perolas.

Cándido, o dono da casa, sentou na cabeceira da mesa despois de pousar dous xerros de viño e dixo: xa podedes comer e beber para logo cantar, meus amigos, que en vendo os cochos pendurando dos chambarís é tempo de cantar e esquecer as penas.

Este é o mellor día do ano, afirmou súa dona desde a porta que separaba o comedor da cociña.

Transcorreu a velada nun ambiente ledó. As pullas ían e viñan, ese sutil enfrontamento entre homes e mulleres, sen que ninguén gane nin perda; nesos momentos de tépeda alegría parece que todo tende ó equilibrio.

Rematada a cea as mulleres fóronse acaroando arredor da lareira e un pouco despois tamén os homes fixeron o mesmo. Margarida de Rexío comezou a cantar, era unha ledicia, un regalo para os oídos escoitar a súa voz; sen deixar a cantiga ía pasando por tras dos homes e das mulleres, como unha maneira de convidalos a participar e, ó mesmo tempo algún dos homes levaría no peto ou pegado á camisa debaixo do chaleco unha perrecha de marrá. Con toda seguridade ela mesma ou calquera outra das mulleres levarían tamén unha chicha nalgún peto das súas roupas. Todo formaba parte da festa. O ambiente íase animando e as cantareas eran xa continuadas, cada quen tiña a súa particular e os demais teimaban comezándoa vinte veces se era preciso ata que o aludido arrincaba. Uxío cantou a "Panadera", Ramón a de "Teverga", Claudio aquela que di "Cinta negra, pelo negro", sen esquecer "A Rianxeira" ou "Se te casas en Ourense..."

Sabela botou a pota do café ó lume, por cuarta ou quinta vez e logo permaneceu de pé ensimesmada, ollando a negrura da noite pola fiestra do fregadeiro.

Estou a mirar a cabana dos Galochas, porque non se me vai da cabeza a visión de onte dixo como falando para si.

E logo, seica viches á Candrela garatuxando no horto, ¿ou que? dixo Río querendo facer unha gracia. A Candrela era unha solteirona que xa andaría polos sesenta anos ou máis, que vivía cun irmán viúvo e finara de súpeto había unha semana.

Pois anque ninguén me crea, a fe que a vin, foi coma unha sombra saíndo da cabana cunha mañiza de herba debaixo do brazo, e andou aqueles catro ou cinco metros que hai ata o castiñeiro do portelo e xa non a vin máis.

Os homes e tamén algunhas mulleres comezaron a ceibar unha sarta de trouladas á conta da finada.

Pois haberá que ir ver se anda polo horto, porque con esta friaxe pode apañar unha pulmonía a pobre muller bromeou Río.

Algún destes rapaces novos que vaia ver, quizais ten un leito amañado con herba e palla e pode que aínda vos faga unhas carantoñas, anque xa non era nova, tiña o seu aquel e era moi compracente dixo Paco cun sorriso pícaro nos beizos.

Se vén o Polainas comigo imos agora mesmo dixo arrogante Pascual da Penela.

Pascual era un mozote con sona de valente, e Pedro do Polainas tiña sona de todo o contrario.

Como xa todos meteran viño dabondo ó corpo, mesturado con café e augardente, non faltaban azos nin había fraquezas no ánimo de ninguén.

Eu claro que vou asegurou o Polainas, se hai quen xogue corenta pesos.

Por corenta pesos vou e veño eu vinte veces, hom chufou Pascual.

Aí van os corenta pesos dixo o máis novo dos irmáns Castiñeira, tirando os cartos riba da mesa.

Outros vinte pesos tamén os poño eu se sodes quen de entrar á cabana dixo o dono da casa.

Nese caso tamén eu poño outros vinte afirmou Río.

Cando viron as catrocentas pesetas riba da mesa, os dous rapaces ollaron un para o outro e puxéronse en pé dun brinco.

Eu vou ir á cama, porque non me gustan nada estas argalladas, e vosoutros acougade sentados a pé do lume e deixádevos de lerías, coas cousas de enriba non se xoga dixo Fiz do Bogueado sinalando co dedo cara arriba.

Outro caga na escaleira. Vai á cama, ho, vai, que é onde deben estar os cagainas, e tranca ben a porta... Bo, se un dos dous dá volta sen abrir a porta da cabana e ripar unha mañiza de herba para traela aquí como proba de que chegou, perde a aposta e o outro gaña as catrocentas pesetas, ¿todos de acordo? berrou Pascual, para ter a seguridade de que todos oían e aceptaban a proposta.

Está ben afirmou Castiñeira, pero tedes que ir a uns cincuenta metros de distancia un do outro; ou mellor, rifamos para ver quen vai primeiro e o outro sae dous minutos despois.

Eu coido que deberían ir xuntos dixo Río, o mesmo han cagar no calzón anque vaian un a rabo do outro.

¡Pois ala, meus queridos!, ide indo animou



CASA  
CATUXO

**COCINA NATURAL  
DE LA TIERRA**

Teléfono para encargos: 982 16 52 13  
Ponte de Valdomir - Folgoso do Caurel

Castiñeira. Tira da palla a ver quen vai de diante... Tocouche, fillo do Polainas. Cando chegues ó castiñeiro do cimo do campazo do Gaiteiro, sairá Pascual. Coido que esa distancia é de razón, non moi lonxe un do outro pero non dacabalo.

Pascual antes de saír dixo: vou pechar a porta e deixarei a chave por fóra, non vaia ter alguén a ocorrencia de facer algunha falcatuada.

O rapaz non pensou que calquera se podía apoleirar á caniceira e saír por alí, ou baixar pola escaleira e saír pola porta da bodega.

A noite non era moi escura, as nubes ían en ringleira cara ó Cebreiro (en busca de auga ou de neve, dicían os lugareños cando corían cara alí) e de cando en vez amosaba os cornos a lúa espaxando un resplandor tenue que deixaba entrever as ramallas dos castiñeiros.

Cando Pepe do Polainas chegou ó castiñeiro sinalado virou a testa para ver se saía Pascual. Unhas cantas cabezas asomaban polas xanelas da casa e iso deulle azos para continuar. Andou uns cantos metros máis, a modiño, dando tempo a que Pascual fose chegando; unha ollada á choupana e outra cara atrás. Comezaron a subirlle uns arrepíos polas pernas arriba que case o paralizaban. Outra ollada atrás, aínda vía lonxe ó compañeiro. Parou. Quería andar anque fose moi a modo, pero as pernas non obedecían. Xa sopesaba a idea de dar volta ou agardar que chegara Pascual xunto del. Estaba nesas cavilacións cando de súpeto sentiu remexer nunha morea de ramasca amontoada a pé dun castiñeiro, xusto por riba do talude da estrada, e unha torada que facía de pisón rodou por encima das ramallas e caeu ó foxo. O rapaz botou a correr sen mirar para onde, brincou á horta de Hortensia por riba da parede, atravesouna, esfolou os xeonllos contra as varancas dunha carrilleira cando tentaba saír a un carreiro; logo dando un rodeo volveu ás proximidades da casa e permaneceu agachado tras dun castiñeiro, aínda co arrepío metido no corpo, anque vía preto as xanelas atestadas de cabezas, que facían bullas e escachaban a rir.

Aí vai un, o que perdeu as polainas berrou Pascual. E quen anda a remexer na ramasca, mellor será que se deixe de lerias, que o mesmo lle estoupa un cantazo na testa dixo

dirixindo as verbas a quen supoñía pisando as ramallas, brandindo un caxato que collera na esterqueira e apañando despois un coio no chan. De novo o silencio pareceu abranguer a noite, a silueta do Polainas xa fora engulida pola escuridade. “Ese caginas do carallo”, dixo. Ó verse só percorreu o corpo un arreguizo. Pensou nas catrocentas pesetas e iso animouno.

Deixou a estrada e colleu decidido o carreiro que ía á cabana. Diante da porta agardou un intre, aguzou o oído e non escoitou ningún ruído estraño, só o zoar do vento nas silveiras. Quería dar tempo a que a lúa proxectase unha pequena claridade pero a nube que a tapaba era longa e ía de vagar. Levantou o picaporte e empurrou a porta; renxeron os gonzos e ceibou un chíro rouco ó rozar na lousa do chan. Outra vez aquel silencio mesto que o envolvía nunha aperta arrepiente; ficou quedo, escoitando..., nada. Repúxose e tentou coas mans para ripar unha mañiza de herba; agarrouna, tirou, e naquel intre deulle un brinco o

corazón na caixa do peito, un novo arrepío sacudiulle o corpo e logo paralizouno, os cabelos de punta, un formigueiro na cabeza, outro polas pernas arriba e el sen ser quen de mover un músculo... Aquela voz, a mesma voz da defunta parecía saír do medio da herba, ¿ou viña do teito da cabana?... “¡Amadeu! ¿Es ti, Amadeu... E logo foiche mal para vir tan tarde pola herba? Agarda que che axudo.”

Aquela voz entroulle no corpo a través da pel, non só polos oídos. Outra vez o silencio, só oía un zunido, a penas perceptible, como se

un corpo mol esvarase por riba da herba. Sen dúbida a fantasma da defunta que viña cara a el. Ficou estarecido, sen poder moverse; tentou berrar e non puido, tiña un nó na gorxa, ¿ou unhas mans alleas que non sentía estaban a apertar? Un pulo súpeto levantoulle os pés do chan e botou a correr, brincou a unha calella por enriba da parede, dubidou un intre: ¿cara a onde ir? Esculcou a través da escuridade que o envolvía “pola Cortiña abaixo, pensou. Coa mesma rexeitou a idea, logo había que volver subir. Polos lamelos adiante”, decidiu, e botou a correr, o importante era correr, afastarse da cabana onde moraba a fantasma da defunta e non deixarse apreixar por ela. Mentres alancaba a cabeza non tiña acougo: “¿E se topaba no carrozo coa *Santa Compañía*, quizais andase a percorrer o souto, quizais polo carrozo do Escairo?” Viu unha luz nos



# pinturas RICHARDO

Ricardo Varela Varela  
DELEGADO DE VENTAS

M<sup>a</sup> Teresa Castro Álvarez  
VENTAS

C/. Manuel María, portal 1 - bajo A  
Tfno. y Fax 982 212 209  
Particular 982 245 248  
27003 LUGO

prados do Regatín. "Por alí vén." O súbito arreguizo a piques de dar con el no chan. "Se cadra é outra cousa. Andará Xan do Boguedo a botar a auga, sempre leva un foco", pensou sen convencemento.

Sentía como se unhas mans todo ósos, chamuscadas polo raio da morte lle apalparan os pelos da caluga. "Só teño que correr, alancar como se os pés tiveran ás.", pensou. Atravesou os lamelos da Laga, pasou o carrozo e chegou preto do pozo grande do prado de Marcial que estaba a rebordar de auga. Parou un intre para coller folgos e un pensamento pasoulle como o varrido dunha luciña polo cerebro: "¿A onde vou?" Tiña de ir prados arriba se non quería afastarse das casas e meterse no souto, pero faltábanlle as forzas, non era doado rubir por aqueles eidos tan derrubados. Ollou a auga do pozo e pensou que aquilo era a súa salvación, brincar á auga e se a fantasma brincaba tamén que afogase alí "estaría fría de carallo", pero a qué pensar no frío. Estaba a só dez pasos da beira da poza, catro zancadas e ¡zas! Achegouse uns pasos máis, xa estaba decidido, en canto sentise o abrazo da fantasma brincaríalo ó medio do pozo. Foi xusto entón cando as nubes deixaron pasar unha raiola de lúa que el viu reflectida na auga; ficou abraiado e paralizado polo terror, o arrepío fíxolle tremelar as pernas cando ollou a fantasma acaneándose nas ondiñas da auga, con aqueles brazos escagallados e abertos dispostos para unha aperta agarimosa.

O arreguizo a lle percorrer o corpo, xa sentía que o medo lle daba dentadas nos ósos; notaba que o pánico lle mantiña os pés paralizados, como cravados ó chan. Ollou cara arriba e foi como se a luz da casa onde o agardaban os compañeiros turrara del, un pulo súpeto arrincouno daquel

pasma e botou a correr polo prado arriba, sentindo o corazón na gorxa, querendo saír pola boca, pero non parou; as mans da fantasma a lle apalpar as costas, ás veces notaba un peso nos ombreiros, e el a correr, só correndo impediría que o apreixase pola gorxa. Chegou preto da casa e oíu as bullas, as risas e tamén palabras de ánimo daqueles que seguían ou intuían a súa aventura sacando a cabeza pola fiestra, pero el nin lles dedicou unha ollada, seguiu correndo ata entrar na casa e pechar a porta tras de si. Refregou as costas contra as táboas da porta e permaneceu un pouco premendo, ampeando coma un xato que tira do carro por primeira vez, tentando recuperar os folgos.

Todos cantos agardaban o regreso dos dous valentes ficaron abraiados, cos ollos cravados naquela aparición que non semellaba persoa, levaba o espanto debuxado na face descomposta, esbrancuxada, a mirada perdida e alasando coma un can, coa man adiantada mostrando aquela presadiña de herba como se fora un trofeo.

Permaneceu naquela posición uns minutos, respirando fondo, pero non era quen de sacar o arrepío do corpo. Sentou a pé do lume e só cando botou na lareira a mañiza de herba e viu como as chamas aloumiñaban primeiro e logo engulían aquela fantasma que levaba pegada ó corpo ficou sosegado, sentindo un alivio como se lle quitaran unha lousa do carrelo.

¡Seica o pasaches mal, galán! dixo Fiz do Boguedo cun sorriso pícaro nos beizos.

Naquel intre entrou o Polainas e sen que ninguén se decatase da súa presenza foi sentar a un recuncho da cociña.


VICENTE TOUZÓN

## N O T A S

Xa ó peche da edición deste número, chegábanos un traballo dun contido moi importante e que no vindeiro número de A CANDEA reproduciremos. Un traballo extenso e polo que temos que facer chegar o noso agradecemento pola súa desinteresada colaboración ó biólogo Andrés Burgos Delgado. É un traballo referente ó castiñeiro e o que o arrodea feito nos soutos do Caurel. Temos que tamén agradecer as fotografías que nos fixo chegar para ambientar o artigo.

Hai uns días comunicóusenos dende a Asociación Río Lor a aprobación da subvención que no seu día se solicitara para adquisición de maquinaria e medios para a limpeza e sinalización de rutas no Caurel.

A contía da axuda é do 40% do presuposto presentado, é unha axuda máis ben escasa si contamos que a man de obra é aportada na súa totalidade polos membros da Asociación e outros colaboradores.



Serigráfica  
ARGENTINA

IMPRESIÓN SOBRE TODO  
TIPO DE MATERIAL

C./ Flor de Malva, 21  
Tel. y Fax - 982 20 21 93  
Garabolos - Lugo

## FIESTRA MUSICAL DO CAUREL

ARTISTAS CENTENARIOS DO CAUREL

O día tres de agosto do pasado ano 2003, celebrouse o VI FILANDON DE MUSICAS DO CAUREL, como se viña facendo ata agora no antigo lavadoiro de ouro, é dicir, no Lago de Esperante, onde se ubica actualmente o Camping. Aporveitando a ocasión, informamos que o VII Filandón esperamos facelo na Ferrería de Savane, a carón da estatua que a asociación Formigueiros, presidida polo poeta Ricardo Locay Aira, adicou ao gaitero do Caurel. O evento esperamos que teña lugar o día 8 de Agosto do presente ano 2004.

Pero a Fiestra de hoxe quere reparar en algo sublime que aconteceu no pasado Filandón; algo que coincide perfectamente coa filosofía que xenerou este xa coñecedísimo acontecemento que é o noso Filandón. Esa filosofía é precisamente servir de fiestra ou punto de encontro aos artistas populares do Caurel e concellos que o limitan; eses grandes xenios que souberon manter e transmitir a nosa cultura ao longo dos séculos. Eses artistas, gracias aos que podemos editar dous grandes tomos cos seus respectivos discos, admiración dos musicólogos e estudiosos de toda Europa, tamén presentes no noso Filandón.

Hoxe quero reparar nas delicias que fixeron os nosos grandes sabios: Elvira Touzón Quiroga de Santa Eufemia (96 anos) e Bautista Campo Celeiro de Bustrofrío (101 anos). Eles foron quen de manternos en vilo ao longo de media hora, derrochando imaxinación inxenio e amosando unha memoria prodixiosa. A súa lucidez mental xa a quixeran moitos personaxes que viven do escenario. Estes grandes xenios foron os que adeprenderon esas historias gardando ovellas, ou escoitando ás súas aboas detrás da lareira. Eran os tempos cando as mentes non estaban perturbadas polos bombardeos publicitarios dos medios de

comunicación.

As rexas xentes das Terras do Caurel foron curtidas na vida difícil. Eles tiveron que carrexar os seus mortos ao lombo a máis de 10 kms., con neve ata os xionllos. Eles deixáronnos unhos soutos envexa do mundo, axardinando os pobos sen necesidade de plans urbanísticos, precisamente valéndose do noso árbol da vida: O castiñeiro.

Como o que pretendemos nesta fiestra e falar da cultura musical do Caurel, debemos dicir que, niste senso, tuvemos a gran sorte de engancharnos ao derradeiro eslabón desa gran cadea de músicas e historias que as nosas xentes conservaron e transmitiron como un valor inmaterial que servirá para perpetuar a nosa cultura orgullo dos bos e xenerosos.

Gracias, moitas gracias, á Señora Elvira e ao Señor Bautista, símbolo de outros moitos artistas que fain que este Caurel sexa grande e admirado.

Xosé Lois Foxo



Elvira Touzón e Bautista Campo  
(03.08.2003)



# URBANO ARZA, S.L.

## CONTRATISTA DE OBRAS

MATERIAL DE CONSTRUCCIÓN - MOBLES  
FERRETERÍA - BAZAR - ROUPA E CALZADO

## Supermercado CLAUDIO

C/ Deputación Nº 41 • 27325 FOLGOSO DO CAUREL (Lugo)  
Tfno.: 982 433 026 - Fax: 982 433 055

## XA CHO DIXEN NARANXEIRA

Recollida de Elvira Touzón Quiroga de Santa Eufemia

$\text{♩} = 120$

¿Có mo che vai co chor di ña co mo che vai co as  
mo ras? có mo meha deir que ri di ño se se  
mea ca ba ron to das ¡Ai! fru ta do  
Con de cas ta ña do Pa rá da fru ta que mais  
gos to xacs tá pra sea ca bar

¿Cómo che vai co chordiaña,  
cómo che vai coas moras?  
cómo me ha de ir queridiño  
se se me acabaron todas.

## ESTRIBILLO

¡Ai! fruta do Conde  
castaña do Pará  
da fruta que mais gosto  
xa está pra se acabar.  
Xa cho dixen naranxeira  
que non botases máis flores  
que pasares sin naranxas  
como eu paso sin amores.

## ESTRIBILLO

¡Ai! fruta do Conde  
castaña do Pará  
da fruta que mais gosto  
xa está pra se acabar.

## JOTA DE BUSTOFRIO

Recollida de Bautista Campo Celeiro de Bustofrio

$\text{♩} = 100$

## CASA CONSTANTINO

APARTAMENTO DUAS  
HABITACIONS DOBRES

**HOSPEDAXE E COMIDAS CASEIRAS**

**ESPECIALIDADES EN COMIDAS CASEIRAS:**

Tabla de embutidos caseiros - Tortilla campeira - Cordeiro do Caurel - Terneira da casa - Variedade en postres caseiros

Venta de camisetas e outros artigos do Caurel

**Folgo de Caurel (Lugo) Telf. 982 433005**

GRUPOS HASTA  
8 PERSOAS

## O OSO "Figura emblemática do entroido de SALCEDO

## 1ª Parte

A figura do **oso** no **entroido de Salcedo** é, a lembranza máis antiga que se atopa no norte galego-portugués. Na noite dos tempos quedaron os osos das cavernas, especie extinguida, plistocénica da que se atoparon ósos nas covas da serra do Caurel, coma "cova do oso" da Rogueira.

Mais outros foron os osos que ocuparon as serras galegas dende hai 10.000 anos, procedentes doutra linnea evolutiva da que xurdiu o *Ursus arctos* ou oso pardo, mamífero carnívoro plantígrado de orellas e ollos pequenos e rabo curto, de greñas longas e espesas de cor parda, nariz puntiagudo e desenvolvido olfato, aínda que moi curto de vista.

Tras unha ollada ó ceo, na busca das siluetas das "Ursas maior e menor", cos pés na terra imos tralas pegadas dos osos pardos nas serras de Ancares e Caurel.

Segundo o biólogo Xurxo Layma, estudioso da "zona oseira" en Galicia. -*"O oso non chegou a desaparecer da serra de Ancares, se ben non seguiu como reproductor, a súa presenza continuou na serra"*.

O oso pardo foi respectado polos pobos europeos e do norte e centro asiático, á falta de león o oso foi o rei. Na idade de pedra os homes renderon "culto ó oso", presente na mitoloxía irlandesa cun significado de forza e poder soberano, que as linguas celtas relacionaron coa forza guerreira.

No relevo da idade de bronce aparecido en Salcedo na Pobra do Brollón, represéntanse escenas de caza: dous homes e tres animais, lobos ou raposos, sendo o oso o grande ausente. O mesmo acontece nos petroglifos galego-portugueses, onde proliferan esquematizados animais que, en ningún caso semellan a figura do oso.

A busca dos ursus lévanos ós berrões de pedra que abundaron no Portugal norteño, berrões coma "ursa" da Torre de dona Chama, no concello de Mirandela; ou o berrão do pelourinho de Bragança, ou a célebre porca de Murça no concello do mesmo nome que deu pé a lenda que recolleu Leite de Vasconcelos, na que se asegura que é unha Aursa@.

E.Hübner viu os berrões de pedra como monumentos sepulcrais, moitos deles con inscricións funerarias de época romana, nunha adaptación do animal prehistórico a épocas posteriores.

Segundo Levi-Strauss durante o entroido represéntanse aspectos do ancestral totémico. Don Vicente Risco fala da identificación das comunidades primitivas a través dos animais que lles serviron de tótem. Pola contra, Mariño Ferro en "Peliqueiro". G.E.G, disente de Risco e os autores do seu tempo que identificaron as peles coa prehistoria. Nembargantes

Mariño Ferro apoia a visión etnográfica que don Vicente fai da figura do peliqueiro, vestimenta e comportamento, como representación da parte animal da persoa.

O oso de Salcedo é a figura referencial dun antigo ritual no que participa todo o pobo. O cerimonial do home baixo a pel do oso na oportunidade de vivir baixo a máscara nun xogo de duplicidade, enmascarado nunha aureola de poder e forza.

A importancia que os ursus chegaron a ter noutros tempos, quedou no folclore dos países europeos nos que habitou como Austria, Suíza e Romanía. Nalgunhas rexións de Alemaña aparecen os "fous" e os "ursos" durante o entroido, o mesmo acontece en algúns lugares de Francia, como na Bretaña Francesa. En España a figura do oso aparece nos Pirineos Cataláns, Aragón, País Basco, Navarra, Cantabria e Asturias onde os "zamarrones" algunhas veces levaban disfraces de osos. En Galicia ata metade do século pasado perdurou a figura do oso en varios lugares, entre os que se atopaban as terras de Chantada e Brollón, aínda que na actualidade o oso só segue vixente no singular entroido de Salcedo. A figura do oso nas terras de Cervantes, só queda na memoria dun vello de noventa e tantos anos, no lugar de "Os Prados".

Tralo solsticio de inverno, o entroido xorde como limiar da Primavera nun acto de purificación ó modo das Saturnais romanas.

A carón do século IV d.C, SanPaciano de Barcelona, na súa obra "Cervus" fala *"da festa do ano novo, onde os homes son disfrazados de animais e adoptan o seu comportamento",(...)* olos celtas. Podíase tratar na orixe dun rito de fertilidade, ou



**ARIAS NADELA**

COCINA Y BAÑO



Nueva exposición en:  
Polígono de Pocomaco  
Parcela B-11  
A CORUÑA

<http://www.ariasnadela.com>

**Telf: 981 170983**

**Fax: 981 175134**



LUGO


Rda. de la Muralla 124 Telf.- 982 245909  
Tolda de Castilla s/n Telf.- 982 221 254

A CORUÑA

Fernando Macías 22 Telf.- 981 258556  
Polig. de Pocomaco Parc B-11 Telf.- 981 170983

En ARIAS NADELA las mejores marcas para cocinas y baños  
ROCA - MIELE - "TAU GRES"  
VELUX - CERAMICAS DEL FOIX  
BELLAVISTA - BOSCH

Y en LUGO también  
PORCELANOSA



*"esta festa sen dúbida pagá, celébrase na Galia así como no norte de España e Italia, isto é, nas rexións ocupadas polos celtas. Podíase tratar na orixe dun rito de fertilidade, ou mellor dunha especie de carnaval"(...).*

Hai que salientar que os textos de San Paciano son posteriores ó ano 343, onde a festa do ano novo marcaba a fin do ano romano que o tempo se encargou de recuar ata o entroido

O propio san Martiño Dumiense no século VI, no seu "De correptione rusticorum", fala das festas do equinocio primaveral e reprende ós rústicos por venerar animais, como as couzas e ratos, polo que non é de estrañar que veneraran e temeran ó mesmo tempo, a quen era capaz de roubalo elixir, é dicir, o mel dos cortizos.

A carón do século VIII, a lenda fala dunha grande cantidade de "ursos" que estragaron o actual concello de Murça, preto á serra portuguesa do Marão, ó parecer o pobo acordou facer unha montería na que acabaron con tódolos animais menos con unha "ursa" que foi rematada polo señor de Murça. A lenda engade que na súa lembranza se alzou un berrôe, a actual "porca de



pedra" que a memoria colectiva adecuou a data que lle convíña á lenda. Foron moitas as pegadas dos ursos que quedaron na toponimia dos pobos do norte galego-portugués, como a aldea de Vilar de Osos, en Vinhais, Trás-os-montes, ou na antiga Ursaria, a actual Oseira, en Cea, na provincia galega ourensá, na que a lenda fala de dous grande osos que atacaron a uns bandidos que tiñan intención de roubar no mosteiro dos cister. O certo é que, o escudo de Oseira ostenta un piñeiro e dous osos. Todo apunta

escudo de Oseira ostenta un piñeiro e dous osos. Todo apunta que os ursus na súa necesidade de espazo foran dende o monte Ursari á serra do Faro e baixaran ata Pedrafitas, no actual Concello de Chantada, onde os máis vellos da aldea gardan memoria dos homes que ían vestidos de feras durante o entroido, entre as que se atopaba, "a figura do oso".

Risco di que no século XII existiu o costume de pasear un oso polas rúas de Roma que máis tarde remataban cruelmente.

Diversos documentos medievais galego-portugueses aluden os ursus. Jesús Taboada Chivite, en "Montería y corrida de lobos en Galicia" no Boletín Auriense do 71, fala do foro que Alfonso IX outorgou ó mosteiro de Ribas de Sil no que se mencionan as monterías de osos. Mentres no norte de Portugal, no mosteiro bieito de Pendorada, actual Alpendorada, na antiga rexión duriense, actual concello de Marco de Canaveses, documentos do ano 1340 tamén aluden as monterías dos ursos. O mesmo acontece no "Libro da montería" de Alfonso XI, onde fai mención ó monte "Eiribio" (actual Oribio) *"que é moi real monte de oso no verán"*.

No decorrer dos séculos XIV ou XV desapareceron os ursos pardos da serra portuguesa da Estrela, alá na Beira. Séculos máis tarde deixouse de ver o urso nas serras do Álvao e Marão, seguindo a serra do Gerês, onde a última mención do urso foi en 1650, sendo o derradeiro habitáculo do oso portugués a serra de Montezinho en Trás-os-montes, onde no século XIX houbo unha soada montería de osos, segundo recolle a revista Brigantia, dun xornal bragançano do 8 de marzo de 1835. No mesmo século XIX López Seoane dá noticias dos osos da serra do Caurel, mais no século XX, na década dos corenta desapareceron das serras galegas os últimos osos reprodutores. No 42 tocoulle ó último ursus da serra de Ancares, aínda que no ano 48 viuse un oso illado en Pontebarras, no concello de Padrenda, na provincia de Ourense.

Durante anos deixaron de verse as pegadas dos osos, aínda que todo apunta que nunca desapareceron da serra de Ancares, se ben os que viron os osos gardaron o segredo na axuda da supervivencia do feroso animal. Un pastor da aldea berciana de Candín afirma: *"o oso nunca marchou dos Ancares"*, comentario que concorda coa afirmación do biólogo Xurxo Layma.

Mercedes Vázquez Saavedra - Febreiro de 2001  
Continúa

## ACAMPAMENTO O CAUREL

### CAMPING - BUNGALOWS



ESPERANTE - SEOANE

RESERVAS:  
Viajes QUIMATURS - LUGO  
Teléfono (982) 24 61 11  
Tfno.: Camping: (982) 43 31 01



## COUSAS QUE ACONTECERON

## CANTAR DE REISES



Xa facía moitos anos que os cantares de reises non se oían no Caurel. Este ano un grupo de rapaces percorreron os pobos da parroquia de Vilamor lembrando a vella tradición de cantar de porta en porta e pedir o aguinaldo nas datas de reises. Foron recibidos con ledicia en cada unha das casas que fixeron parada e o contar polos artistas o saco do aguinaldo, case remata cheo. Chourizos, doces, cartos, etc.. serviron para facer unha cea e así coller folgos para repetir o vindeiro ano.

## BAILE DOS TOXOS EN VILAMOR

Un ano máis en Vilamor volveuse bailar enriba dos toxos; de novo lémbrense aqueles anos en que a festa do pobo se celebraba na súa data, o 22 de xaneiro (San Vicente) patrón do pobo. Nestas datas é bastante frecuente que a neve ou a chuvia



estivera presente e o baile tivera que celebrarse nalgún patio e noutras ocasións nunha corte de gando, e sempre se poñía *estrume* (toxos) para que a lama non impedira os bailaríns lucir as súas dotes.

Agora esto rememórase para que a xente nova coñeza como eran aquelas festas das que nos falan e os novos pouco ou nada coñecemos.

Ano a ano a expectación esta a medrar e non só se achegan xentes da zona, dende varios puntos da comunidade

e incluso dende fora se suman a esta orixinal celebración. Para ambientar mellor a festa a comisión organiza un concurso de baile. Enriba dos toxos ¡claro!

## CARNAVAL

Parece ser que os case esquecidos carnavales volven rexurdir na zona, a xente anímase a disfrazarse e representar acontecementos da vida diaria, como fixeron en Folgoso onde se parodiou a que vai ser voda do ano o casamento do príncipe e Dona Letizia. Outros rapaces do concello tamén percorreron as aldeas disfrazados de mil e un xeito. Esperemos que o carnaval colla protagonismo no Caurel como tivo antano.

## XUNTANZA DA ASOCIACIÓN

Como é xa habitual, o primeiro sábado do mes de febreiro celébrase a Asemblea Xeral Ordinaria da Asociación. O aumento no número de asociados, así como o interese que despertan as actividades e iniciativas que o colectivo está a ter, fai que en cada xuntanza o número de asistentes aumente. Trátáronse varios temas: o estado económico do exercicio 2003 que reportou un pequeno superávit que foi valorado ó ver as moitas actividades que ó longo do ano se desenrolan e a pouca axuda económica que estamos a recibir. Pero un dos temas que máis expectación levantou foi contar con outras asociacións e o propio concello para solicitar para O Caurel un Plan Life da Comunidade Europea para a recuperación e mantemento dos soutos un dos valores socioeconómicos máis importantes do Caurel; compre lembrar que os soutos neste Concello cobren boa parte da súa superficie. Esta Asociación presentou idea e solicitude ante a Consellería de Agricultura e Política Agroalimentaria, a Consellería de Medio Ambiente e ó IBADER.

Rematada a xuntanza os asistentes á mesma acudiron a un restaurante da zona para degustar un cocido, prato típico da zona e da época na que nos atopamos.



Turismo

CASAS

Rural

CARLOS - COMERCIANTE - DOSINDA

6 HABITACIONES  
SALONAPARTAMENTO 4 PLAZAS  
COCINACASA COMPLETA  
3 HABITACIONES

Vilamor do Caurel (Lugo)

Información e reserva: Tfno 982 155 618

## ACTIVIDADES DA ASOCIACIÓN PARA 2004

Confeccionouse o calendario de actividades a celebrar no ano 2004, é o seguinte:

- ▣ REPRESENTACIÓN DO VIA CRUCIS - O día de Venres Santo en Vilar.
- ▣ III MOSTRA DA SERRA - O día 15 de Maio en Ferreiros de Abaixo.
- ▣ RUTA E XUNTANZA DE ASOCIADOS E SIMPATIZANTES no mes de Agosto (sen data fixa).
- ▣ FESTA DA MALLA - A partir do 15 de Agosto en Paderne.
- ▣ FESTA DA PISA - A ponte da Constitución (decembro) en Froxán.
- ▣ O III Certame de Pintura Rápida ó Aire Libre queda pendente en busca de axuda para o seu financiamento.
- ▣ Continuar coa limpeza e sinalización de rutas e a organización de rutas guiadas.

## VÓTANOS UNHA MAN

Esta revista é froito do agarimo dun grupo de persoas identificadas co Caurel, unha xente que adica tempo, vocación e diñeiro a este proxecto. O custo de publicación é alto para a economía da Asociación, por eso recorremos a establecementos e casas comerciais que coa súa importantísima aportación axudan a que sigamos aí e que A CANDEA se poda distribuír de xeito gratuíto.

Si vostede desexa colaborar incluíndo un apartado publicitario do seu establecemento ou negocio fará posible que a Revista do Caurel poda seguir chegando os seus asiduos lectores. Número a número son máis as persoas que desexan recibir a publicación no seu enderezo. A estas persoas comunicámoslle que é necesario custear o envío e embalaxe.

### FAITE SOCIO COLABORADOR

Si desexas formar parte deste colectivo, participar nas actividades que organiza, recibir a Revista no teu enderezo, etc. Cubre os datos do recadro inferior e envíao a: **Asociación "FONTE do MILAGRO" Froxán, s/n 27325 O CAUREL - Lugo**

Apelidos..... Nome:..... D.N.I.....  
 Enderezo:..... C.P:.....  
 Localidade..... Provincia..... Teléfono.....

A cota anual é de 16 € e a modalidade de pago:

☐ Domiciliación bancaria  
 (marca a opción desexada)

☐ Pago en efectivo

☐ Transferencia bancaria

- Para transferencia bancaria podes facer o teu ingreso na conta Nº **3070/0006/52/1137510929** aberta a nome da Asociación na oficina de Caixa Rural de Folgoso do Caurel. (Lugo)  
 - Para domiciliar os pagos cobre os teus datos bancarios.

### DOMICILIACIÓN DE PAGOS

Nº de CONTA (20 díxitos) ..... / ..... / ..... / ..... Titular:.....

Banco ou Caixa ..... Enderezo .....

Sr Director do Banco ou Caixa: Teña a ben cargar na miña conta e hasta nova orden, tódolos recibos que sexan presentados pola Asociación "FONTE do MILAGRO"

Sr. Director del Banco o Caja: Tengo a bien cargar en mi cuenta y hasta nuevo aviso todos los recibos que sean presentados por la Asociación "FONTE do MILAGRO"

O titular da conta

En, ..... a ..... de ..... de ..... Asdo:.....

ROTULOS



Fundada en 1960

R. Montenegro, 6 bj. ☎ 982 22 19 90

San Pedro, 13 bj. ☎ 982 22 63 07

## Ildara de Courel (de Manuel Murguía)

¡Ildara de Courel! sombra querida,  
dulce como el cantar de los cantares,  
¿Qué nuevo canto te volvió a la vida?  
¿De quien la voz que cuenta tus  
pesares?

Vivías cual paloma solitaria  
en los pasados tiempos sin memoria  
envuelto en melancólica plegaria  
el triste fin de tu doliente historia.

¿Quién amó como tú? ¿Quién era  
pura  
como Ildara lo era en su martirio?  
Semejaba en tu siglo su hermosura,  
en desierto cual cárdeno lirio.

Tu queja es como brisa gemidora,

tu llanto como gotas de rocío,  
del cielo es el amor que te enamora  
y es de los cielos tu dolor bien mío.

¡Ildara de Courel! Flotante maga  
envuelta en delicadas vestiduras  
que allá del Cabe, entre ondas vaga  
gimiendo sus eternas desventuras.

Pobre y amante, atormentada  
esposa  
entre el amor y el deber luchando  
volviste a Díos los ojos temerosa  
santo remedio a tu dolor buscando.

Y en torno de tu frente inmaculada  
los ángeles sus alas desplegaron  
y un rayo de la célica morada

Sobre tu mártir frente reflejaron.

Y con himnos, y músicas, y flores  
y voces de otros mundos diferentes  
arrullaron castísimos amores  
que en tu seno nacían sonrientes.

Quien con amarga voz tu historia  
cuenta  
y de tu amor eterno la pelea,  
y con tus penas su pesar aumenta  
y llora tu dolor, ¡bendito sea!

Quien levanta tu nombre del olvido  
y otro pasado mundo alienta y crea  
y con su dulce canto nunca oído  
nueva vida te da, ¡bendito sea!

Este fermoso poema romántico é obra de Manuel Murguía. Si! do afamado escritor e historiador, pai do nacionalismo galego, que estivo casado coa escritora Rosalía de Castro. Publicouno García Acuña, en 1934, no *Boletín de la Real Academia Gallega*, tomo XXI, páxs. 177 e 178.

Murguía como gran estudioso e compilador de romances populares galegos, seguramente escoitou a historia desta muller que, posiblemente, na Alta Idade Media (anos 400-1000) viviu no Caurel.

Algúns anacos desta historia-lenda quedan aínda na memoria dalgúns dos nosos maiores, e sitúana no Castelo do Carbedo; que posiblemente sexa o máis antigo de Galicia. Esta fortaleza, hoxe derruída e abandonada, foi outorgada no ano 1181 á Orde de Santiago por Nuño Peláez e a súa dona Alda. Incluso, hai quen asegura que nel viviu, de neno, o rei Afonso II o Casto (759-842).

Tamén dende os Eidos, Uxío Novoneyra lembra:

*VENTANA de Doña Ildara*

*Prá banda da tara!*

*Castelo do Carbedo*

*Sólo prá tarde no bico do penedo!*

Dende o Caurel, prégame a quen oíra ou lera sobre esta muller se poña en contacto con nós. Recordade que Ildara, Ilduara, Induara, Adara, Aldara, ..... son variantes do mesmo nome de orixe xermánica.

Gracias!  
Orlando Álvarez.

### BIBLIOGRAFÍA:

- García Acuña.: "Ildara de Courel" de Manuel Murguía. Publicado en 1934 no Boletín de la Academia Gallega, tomo XXI, p. 177-178.
- Uxío Novoneyra.: "Os Eidos", 2ª edición completa, 1985, p. 20. Ed. Xerais de Galicia S.A.
- Julio Vázquez Castro.: "El Castillo de o Courel y la arquitectura militar de la Orden de Santiago en Galicia". Servicio de publicaciones de la Diputación Provincial de Lugo, 1996.



**Camoga, s.l.**  
CONSTRUCCIONS, PROMOCIONS E REPARACIONS

R/ Entrerriós, 20 - 22 - Baixo • 15404 FERROL - Telf.: 981 37 24 56 / 981 37 20 65 • Fax: 981 94 77 64  
E-Mail: camoga2000@hotmail.com

Aberto dende Semana Santa  
ata Outubro

Unha area recreativa  
en plena natureza  
do Caurel

Carnes a brasa e  
productos da zona

[www.galiciaonline.es/oponton](http://www.galiciaonline.es/oponton)

LU-651 (KM 28) Entre Folgoso e Seoane

## Café-Bar O'PONTON

Ferreirós dabaixo  
O Caurel  
Tel: 982 16 52 18



# CAIXA RURAL GALEGA

Oficina Folgoso do Caurel